



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 31 de outubro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día trinta e un de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(943).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 22 de outubro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 24 de outubro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(944).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE RECURSO PRESENTADO CONTRA A EXCLUSIÓN DUN LICITADOR DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS AUXILIARES NA AULA DA UNED E NO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESO. EXPTE. 23062/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 239/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 254/2019, interposto por EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.A. contra a contra os acordos de exclusión da súa oferta e adxudicación do procedemento de contratación dos servizos auxiliares de conserxería, atención ao público, control de accesos, información e pequenas reparacións, necesarios para o funcionamento da Aula de estudio e outros espazos adicados a usos culturais e educativos sitos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos na Avda. de Beiramar do Concello de Vigo, expediente 23062/332. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Desestimar o recurso interposto por EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.A. contra os acordos de exclusión da súa oferta e adxudicación do procedemento de contratación dos servizos auxiliares de conserxería, atención ao público, control de accesos, información e pequenas reparacións, necesarios para o funcionamento da Aula de estudio e outros espazos adicados a usos culturais e educativos sitos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos na Avda. de Beiramar do Concello de Vigo, expediente 23062/332.*

*2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*

*3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(945).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE RECURSO PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA E DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 312/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 242/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 260/2019, interposto por recurso especial en materia de contratación interposto conxuntamente pola ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DE VIGO HISTÓRICO, dona ANA MARÍA DOVAL CRESPO, a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO EN RÚA ELDUAYEN No 22 DE*



## Concello de Vigo

VIGO, e AULA D, ESCOLA DE INTERIORISMO C.B. contra o acordo de adxudicación do contrato para execución das obras do proxecto de

soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e o mantemento das instalacións, expediente 312/441 do

Concello de Vigo,. Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto conxuntamente pola ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DE VIGO HISTÓRICO, dona ANA MARÍA DOVAL CRESPO, a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO EN RÚA ELDUAYEN No 22 DE VIGO, e AULA D, ESCOLA DE INTERIORISMO C.B. contra o acordo de adxudicación do contrato para execución das obras do proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e o mantemento das instalacións, expediente 312/441 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **4(946).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGUROS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 2357/341.**

Visto o informe de fiscalización do 24/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada em sesión da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 26 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, de póliza de seguros para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de xuño de 2019, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o xefe do servizo de Museos Municipais e o Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 4 de xullo de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 66.000 € (sesenta e seis mil euros), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.0000 (“Seguros coleccións e inmobles”), según o seguinte detalle:*

- *Exercicio 2019: 33.000 €*
- *Exercicio 2020: 33.000 €*

*5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de setembro de 2019, de non admisión de AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA neste procedemento por non cumprir cos requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14 do PCAP e por ter vulnerado o segredo das proposicións previsto no artigo 139.2 da LCSP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341) na seguinte orde descendente:*



## Concello de Vigo

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	67,00

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAPFRE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAPFRE ESPAÑA, S.A., o día 25 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 7 de outubro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2019, acordou, á vista da documentación presentada e das comprobacións realizadas, conceder un prazo de tres días ao licitador para que puidese “acreditar estar ao corrente nas súas obrigas coas Axencias Tributarias, Estatal e Autonómica, presentar o seguro de caución asinado dixitalmente ou constituílo directamente na Tesourería municipal e achegar o anexo VI co delegado do contrato”.

O 21 de outubro, dentro do prazo concedido MAPFRE ESPAÑA, S.A. presentou a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MAPFRE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAPFRE ESPAÑA, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 17 de setembro de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de setembro de 2019, de non admisión de AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA neste procedemento por non cumprir cos requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14 do PCAP e por ter vulnerado o segredo das proposicións previsto no artigo 139.2 da LCSP.*
2. *Adxudicar a MAPFRE ESPAÑA, S.A. o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341) coas seguintes condicións:*
  - a) O prezo total para os dous anos do contrato é de 28.660,50 euros.
  - b) Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00euros) en 600.000 euros.
  - c) Inclúe na oferta as seguintes coberturas e/ou derogacións de exclusións a considerar:
    - Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por negligencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades



## Concello de Vigo

- Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos:
  - Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)
  - Sempre que non exista falta grave do transportista.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(947).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO (SPA) PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO SERVIZO DE FESTAS E REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS NO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 710/2202.**

Visto o informe de fiscalización do 24/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada em sesión da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación dun servizo de prevención alleo (SPA) para a prestación do servizo consistente na realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros. (expediente 710/2202), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 13/08//2019 asinado pola Técnica de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola técnica de admón. xeral da área de RRHH e Formación (Instrución de data 09/08/2019) e o prego de prescricións administrativas particulares de data 13/08/2019, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 10.650,00 € (IVE incluído) con cargo á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 “Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais”.*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	100 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“as empresas que opten ao contrato deberán estar acreditadas pola administración laboral como Servizos de Prevención Alleo. Deberá acreditarse a condición de Servizo de Prevención Alleo para a provincia de Pontevedra”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., o día 14 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 22 de outubro, dentro do prazo concedido.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 3 de outubro de 2019 e o acordo da Mesa polo que se lle outorga a máxima puntuación pola proposición avaliable mediante fórmula ao ser o único licitador presentado e admitido, de data 10 de outubro.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 9.583,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.663,20 euros.*

b) *Incrementa as avaliacións específicas de riscos psicosociais mínimas esixidas (5 avaliacións) nos últimos 5 anos realizadas polos técnicos a adscribir ao contrato a:*

- *Técnico 1: César André Rivas (16) avaliacións*
- *Técnico 2: María del Rosario Taberna Calleja (6) avaliacións*

c) *Incrementa as avaliacións específicas de riscos psicosociais en colectivos de máis de 100 persoas mínimas esixidas (2 avaliacións) realizadas polos técnicos a adscribir ao contrato a:*

- *Técnico 1: César André Rivas (8) avaliacións*

d) *Incrementa a experiencia exixida dos técnicos que se adscriba a execución do contrato (5 anos) a:*

- *Técnico 1: César André Rivas (16) años*
- *Técnico 2: María del Rosario Taberna Calleja (12) años*

e) *Achega Formación adicional na titulación universitaria de Psicoloxía dos técnicos a adscribir ao contrato:*

- *Técnica 2: María del Rosario Taberna Calleja*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(948).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PROPIAS DO CONCELLO DE VIGO NA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 18969/333.**

Visto o informe xurídico do 23/10/19 e o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta do 15/10/19, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. Antecedentes**

Con data 08/07/2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A



## Concello de Vigo

PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 14972/333

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 08 de xullo de 2016, acordou a proposta da mesa de contratación de CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ÁMBITO DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 11/11/2016 acordou, adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL., o procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333), polo prezo total de 69.640,00 euros para o LOTE no 1 (medallas) e un prezo total de 50.360,00 euros para o LOTE N°2 (trofeos).

Con data 17/11/2016, procédese á sinatura do contrato con CARLOS FERNÁNDEZ POL. para a prestación da subministración obxecto da contratación, a partir do 18/11/2016 e cunha duración de dous anos, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Con data 18/10/2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acordou aprobar a prórroga do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS” polo período de un ano dende o 19 de novembro de 2018 ata o 18 de novembro de 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A.

### II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

**2. Neste contrato resulta que:**

-O prego de cláusulas administrativas, na cláusula 7, "Prazo de execución" recolle no apartado 3, "este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, será obrigatoria para o contratista salvo que no apartado 4 da FEC se estableza un prazo de preaviso para que este poida renunciar á calquera das prórrogas previstas".

-A empresa que presta o servizo, CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A, presentou con data 11/10/19, a través do rexistro electrónico do concello, escrito no que non formula oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas do contrato de subministro de medallas e trofeos (Expte. 14972-333).

### **3.Desenvolvemento do contrato actual:**

A empresa que desenvolve a prestación da subministración CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto ás tarefas que se realizan en relación co desenvolvemento do programa municipal Calendario de eventos deportivos e outras funcións xerais e que se relacionan a continuación:

Entregar o material da mesma calidade e características que o ofertado e cumprindo cos mínimos definidos no anexo I deste prego.

Entregar o material nos lugares indicados polo servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Prestar un apoio técnico en relación a elección dos diversos elementos de Trofeos ou Medallas vinculados o obxecto deste contrato.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

### **4.Prezo anual do contrato:**

A anualidade do Lote 1 do contrato é de 28.925,62 euros sen IVE, sendo o IVE de 6.074,38 euros, e a anualidade do Lote 2 do contrato é de 20.661,16 euros sen IVE, sendo o IVE de 4.338,84 euros, o que fai un importe total da anualidade de 60.000,00 euros.

### **5.Financiamento do contrato:**

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260902 "Adquisición de trofeos", do orzamento en vigor.

Ano 2019: período comprendido entre o 18 de novembro e o 31 de decembro de 2019, ambos os dous incluídos:

–Lote nº1 (medallas): 4.820,00 euros, IVE incluído.

–Lote nº2 (trofeos): 1.500,00 euros, IVE incluído.

Ano 2020: período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 17 de novembro de 2020, ambos os dous incluídos:



## Concello de Vigo

–Lote nº1 (medallas): 30.000,00 euros, IVE incluído.

–Lote nº2 (trofeos): 23.680,00 euros, IVE incluído.

Total : 60.000,00 euros, IVE incluído.

Posto que o prazo de execución da prórroga vixente do contrato remata o 17 de novembro de 2019, e debido á necesidade de garantir a subministración, faise necesario tramitar a prórroga do contrato dos “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministración en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. Adic. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

1.- Aprobar a prórroga do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS” polo período de un ano dende o 19 de novembro de 2019 ata o 18 de novembro de 2020, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a empresa CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A

2.- Aprobar o gasto de 60.000,00 € con IVE que representa esta prórroga anual a favor de CARLOS FERNÁNDEZ POL., co DNI: 36.045.005.A .con cargo a aplicación orzamentaria 3410.226.09.02 do presuposto vixente.

3.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. Da Lei 29/98).

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(949).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS. EXPTE. 3152/611.**

Visto o informe xurídico do 21/10/19 e o informe de fiscalización do 22/10/19, dáse conta do informe-proposta do 15/10/19, asinado polo adxunto ao xefe do servizo de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo,o concelleiro-delegado de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

Con data 31 de outubro de 2018, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a "CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS"

No expediente inclúense os seguintes documentos:

1. A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 1 de agosto de 2019.
2. A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 1 de agosto de 2019.
3. Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 12 de setembro de 2019.
4. Memoria xustificativa, de data 10 e 11 de outubro asinada polo ADXS Director Técnico servizo deportes e polo Concelleiro delegado de Deportes , relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.



## Concello de Vigo

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (**artigo 146.2LCSP**).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP)

5. Informe asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 20 de setembro de 2019.

6. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 11 de outubro de 2019.

## II.- CONDICIÓN DEFINTORIAS DO CONTRATO.

### 1º.- OBXECTO:

A prestación de servizos de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas do Programa Municipal de Escolas Deportivas, promovido pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo. E de xeito específico os seguintes aspectos:

As actividades formativas docentes e competitivas de carácter formativo, educativo de tipo interno e actividades de clausuras do programa municipal.

As actividades deportivas poderán desenvolverse en instalacións municipais en instalacións deportivas de colexios en instalacións deportivas de entidades colaboradoras e en espazos abertos, terrestres, acuáticos, urbanos ou naturais.

#### 1.1.-Necesidades a satisfacer

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. Ó obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do servizo contratado dunha póliza de Seguro Deportivo Colectivo para o Programa Municipal de Escolas Deportivas.

A contratación do seguro é fundamental para dar un servizo da calidade e eficiencia exixidas no Programa Municipal de Escolas Deportivas e as súas actividades vencelladas.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato privado previsto no artigo 25.1a, da LCSP.

#### 1.2.-Lotes

Con relación ao obxecto do contrato ao ser un único servizo non procede a súa división en lotes en cumprimento ao establecido no artigo 99.3.b) da LCSP

## **2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:**

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu valor estimado, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto ( art. 156-157-158 LCSP) de servizo.

A forma de tramitación é ordinaria.

## **3º.- Prezo do contrato e xustificación:**

### **a) Prezo do contrato**

O prezo máximo do contrato fíxase en **65.000,00** euros para a anualidade. O prezo do contrato non ten IVE, os contratos de seguros non incorporan IVE,

Dito gasto poderase imputar a aplicación orzamentaria **3420.226.09.01** do orzamento da Concellería de deportes “ Escolas Deportivas”

Anualidade

Anualidade	Importe
2020	65.000,00 €
Total	65.000,00 €

**Valor estimado do contrato** é de 195.000,00 euros incluídas as dúas prórrogas .

### **Xustificación do prezo.**

Dito prezo fíxase tendo en conta as recomendacións realizadas pola correduría contratada polo Concello de Vigo. O prezo que se estima é conforme ós prezos de mercado.

## **4º.- Revisión de prezos.**

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

## **5º.- Financiamento do contrato e xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril**

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos





## Concello de Vigo

na aplicación orzamentaria 3420.226.09.01 “Escolas Deportivas Municipais” e da bolsa de vinculación. O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2019 dentro do programa orzamentario “3420” do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

### **6º.- Prazo de contrato e prórroga**

O prazo da presente contratación será por unha anualidade a contar dende a data de adxudicación, podéndose prorrogar por dúas anualidades, ano a ano previo acordo expreso do órgano de contratación.

### **7º.- Solvencia**

#### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao valor estimado do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

#### **- Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais servizos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior ao do

prezo do contrato.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) acreditarán a súa solvencia mediante unha declaración na que indiquen o equipo técnico do que disporá para a execución das prestacións. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

#### **Xustificación solvencia:**

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a presentación de dita solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

#### **8º.- Criterios de valoración e xustificación:**

Os criterios conformes os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

##### **a) Criterios avaliados a través de fórmulas, 100 puntos:**

**1.- Prezo. Redución do prezo do contrato.** Valorarase ata un máximo de **90 puntos**. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.

**2.- Aumento dos capitais asegurados: Aumento en % dos capitais mínimos asegurados no PPT (valorarase o % para o conxunto de todos os capitais).** Aos efectos de aplicar dito % na operativa do contrato aplicarase individualmente para cada concepto. Valorarase ata un máximo de **5 puntos**. Por cada incremento dun 1% valorarase con 0,5 puntos.

**3. Incremento dos hospitais de asistencia. Valorarase ata un máximo de 5 puntos o incremento dos hospitais de asistencia:** Por cada hospital a maiores 2,5 puntos.

Estes criterios avaliaranse segundo as seguintes fórmulas.

**1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

##### **1. Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En



## Concello de Vigo

función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

1. **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

2. **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

### Xustificación dos criterios:

Respecto ao prezo: ao referirse a un servizo dunha póliza de seguro colectivo e que as coberturas mínimas están definidas no PPT o prezo convértese nun valor fundamental de

valoración.

Capitais asegurados: valorarase o incremento das mesmas entendese que este é un aspecto positivo para o desenvolvemento do contrato.

Incremento de hospitais: valorarase o incremento dos mesmos o entenderse que aumenta a calidade do servizo.

### **A xustificación das fórmulas:**

Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios de adjudicación por canto resultan proporcionais outorgando a maior puntuación á oferta que resulta máis vantaxosa en relación a calidade prezo e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto e prace da intervención municipal.

### **9º.- Ofertas con valores anormais (artigo 149)**

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

### **10º.- Condicións especiais de execución**

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

“A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que garantir a seguridade e da protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos



## Concello de Vigo

sectoriais e territoriais aplicables, así como medidas para previr a siniestralidade laboral”

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

### **11º.- información esixida polo artigo 130 LCSP**

Non procede nesta contratación

### **12º.- Prazo de garantía**

Non procede nesta contratación

### **13º.- Subcontratación.**

Se admiten conforme ao previsto no artigo 215 LCSP, non se recollen tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

### **14º.- Modificacións do contrato**

Non se prevé.

### **15º-Responsable do contrato**

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes- Director Técnico servizo de deportes.

Dada a natureza da prestación que é obxecto do contrato, ao tratarse dun contrato de seguro de carácter privado, deberase mencionar que a actual compañía de mediación de seguros que este Concello ten contratada é Artai, S.A.

### **16º.- Referencia ao réxime de pagamento**

O importe do prezo satisfaceráselle unha vez formalizado o contrato contando a partir do primeiro día de cobertura que será o día seguinte á sinatura do contrato. O importe satisfacerase por cada anualidade do contrato ó comenzo da prestación do servizo. Previa a emisión da factura na plataforma FACE entregarase toda a documentación, condicións técnicas ou cláusulas do seguro colectivo, así como o número de póliza e a información

necesaria sobre a tramitación dos accidentes ou lesións.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- a) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- b) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- c) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

**17º.- Seguro**

Non procede nesta contratación.

**18º.- Lugar de entrega**

O ser un servizo este desenvolverase segundo se recolle no obxecto do contrato.

**19º.- Data prevista para o inicio do contrato**

7 de xaneiro de 2020. Esta data poderá ser modificada en función da data de adjudicación do contrato mantendo como o primeiro día de cobertura da póliza o seguinte da sinatura do contrato .

**20º.- Etiquetas**

Non se prevén.

**21º.- Informes de probas**

Non se prevén.

**22º.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares**

Non se prevén.

**23º.- Certificación Dirección Xeral de Seguros.**

As empresas licitadoras deberán acreditar Certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para cobertura de riscos relacionadas co obxecto do contrato.

**23º.- Condicións especiais de compatibilidade**

Non se contemplan.



## Concello de Vigo

### **24.- Siniestralidade: nº de actuacións atendidas no programa.**

Edición 2017-2018 ascendeu a 31 eventos, un 0,67%.

Edición 2018-2019 ascendeu a 33 eventos, un 0,71%.

### **III.- PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da " CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 12 de setembro de 2019 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 11 de outubro de 2019 pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación para CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo **importe base máximo de licitación de 65.000,00 €**, e sendo o valor estimado do contrato de 195.000,00 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.226.09.01 "Escolas *Deportivas*" ou bolsa de vinculación. O financiamento terá carácter anual ( 12 meses), o mesmo terá a seguinte aplicación orzamentaria:

2020: 65.000,00 €, O ser un contrato de seguro e tendo en conta a data da sinatura do contrato as anualidades aboaranse o comenzo de cada período de cobertura.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(950).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS-ANO 2019. EXPTE. 7861/335.**

Visto os informes de fiscalización do 22 e 24/10/19, dáse conta do informe-proposta do 29/10/19, asinado pola xefa do servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Con data 3 de maio de 2019 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2019 (expte. 7861/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 100.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 16 de maio de 2019 foron publicadas no BOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2019. O prazo de presentación de solicitudes foi de 10 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPO, sendo o inicio o 10 de xuño e o remate o 21 de xuño, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décimo primeira (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 11:00 horas do día 07 de outubro de 2019 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada pola Concelleira delegada da área de Festas e Turismo, Dna. María del Carmen Lago Barreiro que actúa como presidenta; e por Dna. Luz María González Domínguez como Xefa do Servizo de Festas. En cumprimento do establecido na base décimo primeira 3) fai as funcións de secretaria, Dna. Luz María González Domínguez.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 1 de outubro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Instructora do expediente do Servizo segundo o decreto de data 1 de xullo de 2019, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima primeira 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade da concelleira de Turismo e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro:** Que se resolva a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2019 (expte. 7861/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 7 de outubro de 2019 por un importe total de **99.068,28 €** con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o





## Concello de Vigo

vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

EXPTE	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
-------	-------------	---------	------	----------	------------------------------------	-------------------------

### FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.1. Festas de especial interese urbano. Asignación fixa por festa 6.000 €

7954-335	Soc. Cult. Fiestas de la Consolación de Coia	G36633030	1,1	Festas de Consolación	6.000,00 €	6.000,00 €
7961-335	Asociación Comisión de Festas da Xuventude	G27738889	1,1	Festa da Xuventude	6.000,00 €	6.000,00 €
7987-335	Hermanidad de Devotos de San Roque	G36763225	1,1	Romaría de San Roque	6.000,00 €	6.000,00 €

### FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 3.000 €

7952-335	Asociación Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	1,2	Festas Patronais de Candeán	3.000,00 €	3.000,00 €
7958-335	Asociación de Festas del Rosario	G36710689	1,2	Festas Patronais da Nosa Sra. do Rosario	3.000,00 €	3.000,00 €
7968-335	Asoc. Cultural Hdad. Festas de Santa Mariña – Cabral	G36837425	1,2	Festas Patronais de Santa Mariña	3.000,00 €	3.000,00 €
7990-335	Asociación Cultural Irmandade Festas das Dores	G36846921	1,2	Festa das Dores de Cabral	3.000,00 €	3.000,00 €
7997-335	Asociación Socde. Festas Virxe do Carmo – Coruxo	G36723229	1,2	Festas Patronais da Virxe do Carmo – Coruxo	3.000,00 €	3.000,00 €
8000-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	1,2	Festas Patronais na honra de Santa Ana	3.000,00 €	3.000,00 €
8018-335	Asoc. Cultural do Salvador de Teis	G36769214	1,2	Festas Patronais San Salvador de Teis	3.000,00 €	3.000,00 €

### FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 2.000 €

7955-335	Asoc. de Vecinos del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	1,3	XIX Festa do Xurelo	2.000,00 €	2.000,00 €
7986-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	1,3	XXXIII Romería do Pan de Millo	2.000,00 €	2.000,00 €
8006-335	Asociación Cultural O Coto	G36627941	1,3	XXXI Festa do Cabazo	2.000,00 €	2.000,00 €
8012-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	1,3	XXXIV Festa da Cereixa	2.000,00 €	2.000,00 €
<b>TOTAL GASTO DO CONCEPTO 1</b>					<b>47.000,00 €</b>	<b>47.000,00 €</b>

### ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS 53.000 € (100.000 menos ..... )

7953-335	Asociación Cultural de Beiran	G27818905	2,2	Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade	900,08 €	900,08 €
7956-335	Asociación Veciños Praza da Miñooca	G36842284	2,2	Festa de San Xoan – Chourizada	570,05 €	570,05 €
7957-335	Asociación Cultural e deportiva San Xurxo de Saiáns	G36648988	2,2	XXXIV Festa da Amizade	855,08 €	855,08 €
7959-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	2,2	Festa de San Xoan	630,06 €	630,06 €
7960-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	2,2	Festas Tradicionais	855,08 €	855,08 €

7963-335	Asociación Veciños de San Roque	G36659894	2,2	Magosto	660,06 €	660,06 €
7964-335	Movemento Cidadán O Noso Barrio	G36784296	2,2	Festa da Bouza 2019	600,00 €	600,00 €
7965-335	Asociación de Veciños As Nosas Rúas de Vigo	G36640985	2,1	Festival Folclórico 25 Aniversario	300,00 €	300,00 €
7966-335	Asociación Cultural Traspés	G27739861	2,1	VII Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	765,07 €	1.410,13 €
			2,2	IX Serán Traspés	645,06 €	
7967-335	Asociación de Veciños "as Fontes" de Vilar Lavadores	G36684991	2,2	Fogueira de San Xoán	645,06 €	645,06 €
7979-335	Asociación Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral	G36651073	2,2	Fogueira de San Xoán	615,06 €	1.305,12 €
			2,1	Guateque de Verán	690,07 €	
7981-335	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	2,2	Festa das Candelas e San Brais	975,09 €	975,09 €
7982-335	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	G36648996	2,2	Festa de San Xoán	480,05 €	480,05 €
7984-335	Asociación KV2211	G27860667	2,1	Kv Música Clásica nas Parroquias	720,00 €	720,00 €
7986-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	2,2	Festival Entroido	660,06 €	660,06 €
7988-335	Irmandade das Donas e Cabaleiros de Bouzas	G27836816	2,1	Noite Maxica das Donas e Cabaleiros	465,04 €	465,04 €
7989-335	Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia	G36648608	2,2	Noite de San Xoán	495,05 €	495,05 €
7991-335	Asociación de Veciños San Pedro de Matamá la Unión	G36654036	2,2	Festa de San Xoán	690,07 €	1.635,15 €
			2,1	Festival Folclórico San Amaro	945,09 €	
7992-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	2,1	XXI Certamen de Bandas	1.065,10 €	2.145,20 €
			2,2	XXXV Festa do Socio	1.080,10 €	
7994-335	Asociación Festas a Paloma da Garrida-Valladares	G36962389	2,2	Verbena da Paloma	900,08 €	900,08 €
7995-335	Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos	G36623593	2,2	Festa da Convivencia	780,07 €	780,07 €
7996-335	Asociación Cultural e Deportiva Val do Frago	G36640860	2,2	Noite de San Xoan	525,05 €	525,05 €
7999-335	Asociación Aboal	G36806693	2,2	Musical Familiar Aboal	720,07 €	720,07 €
8000-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	2,2	Festa dos Vello/ Festa da Convivencia	1.125,11 €	1.125,11 €
8001-335	Asoc. de Veciños San Pedro de Sardoma O Carballo	G36649325	2,1	Nadal dos Nenos, Festival de Música e Maxia	795,08 €	1.665,16 €
			2,2	Festa do Socio	870,08 €	
8003-335	Asociación Folclórica e Veciñal Anderela	G36698686	2,1	Festival Folclórico Fiando Miudo	570,05 €	1.140,11 €
			2,2	Magosto	570,05 €	
8004-335	Asociación Folclórica Algarabia	G27752989	2,1	Imos de Serán Algarabia	495,05 €	495,05 €
8005-335	Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN)	G27854306	2,1	IV Festival de Cine Inclusivo	915,09 €	915,09 €
8007-335	Agrupación de Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	2,1	Festival de Baile Moderno	825,08 €	825,08 €
8008-335	Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio	G36648103	2,2	Festa de San Xoan	765,07 €	765,07 €
8009-335	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	2,1	Encontro Folclórico	705,07 €	705,07 €
8010-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	2,2	Romaría na Honra S. Cipriano e San Cornelio	1.125,11 €	1.125,11 €
8011-335	Asociación Sociocultural As da Industria	G27852755	2,1	Festival Son da Industria	525,05 €	525,05 €
			2,2	San Xoán-Magosto	585,06 €	585,06 €
8012-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	2,1	Festival Folclórico	1.110,10 €	2.280,22 €
			2,2	Beade Dinámica	1.170,11 €	
8013-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	2,2	Festas de Interés	795,08 €	795,08 €
8015-335	Asociación Cultural e Veciñal Pedra Moura	G36973840	2,1	Festa Musical de Papa Noel 2018	193,60 €	808,66 €



## Concello de Vigo

			2,2	Festa do Socio e Día das Letras Galegas	615,06 €	
8016-335	Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	2,2	Noite de San Xoán	810,08 €	810,08 €
8017-335	Asociación Veciñal Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores	G36633618	2,1	Venres Musicais	930,09 €	1.785,17 €
			2,2	Celebracións Populares Magosto e San Xoán	855,08 €	
8018-335	Asociación Cultural do Salvador de Teis	G36769214	2,2	Recuperando a Tradición	750,07 €	750,07 €
8019-335	Asoc. Cultural Recreativa San Mamede de Zamáns	G36691855	2,2	Festa do Socio	705,07 €	705,07 €
8020-335	Asociación Cultural Reencanto Producións	G27780766	2,1	Galician Freaky Film Fest	870,08 €	870,08 €
8021-335	Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello	G36645885	2,1	Festa Dramatizada do Maios	945,09 €	1.890,18 €
			2,2	Festa Tradicional do Samain	945,09 €	
8022-335	Asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	2,1	XIV Festival Internacional de Habane-ras	690,07 €	690,07 €
8026-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	2,1	A Música Tradicional-Revista	1.020,10 €	1.935,18 €
			2,2	Certame de Rondallas	915,09 €	
8027-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	2,1	Festval Musical	645,06 €	1.245,06 €
			2,2	Magosto Popular	600,00 €	
8029-335	Asociación Veciños "Xunta Parroquial" de Valladares	G36750396	2,1	XXI Certame Internacional de Reguei-fas	960,09 €	1.830,17 €
			2,2	17º Serán Tradicional	870,08 €	
8030-335	Asociación Veciños O Freixo	G36654184	2,2	Festas do Ano (Letras Galegas e Entroido)	660,06 €	660,06 €
8031-335	Aociación Veciños do Calvario	G36648293	2,1	Festa da Alegría 2019	840,08 €	840,08 €
8033-335	Asociación de Veciños Novo Vigo	G27771195	2,1	Navia Parque D'Arte	810,08 €	1.395,13 €
			2,2	Noite de San Xoan	585,06 €	
8034-335	Asociación Cultural A'Buraca	G27815562	2,1	III Festa Xeración Anos 1950	630,06 €	630,06 €
8035-335	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	G36627495	2,1	Homenaxe o Gaitero	945,09 €	1.815,17 €
			2,2	Entero do Castrón (Entroido)	870,08 €	
8037-335	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	2,1	Maió Cultural	615,06 €	1.230,12 €
			2,2	San Xoán	615,06 €	
<b>TOTAL GASTO DO CONCEPTO 2</b>					<b>52.068,28 €</b>	<b>52.068,28 €€</b>
<b>RESTO</b>						<b>931,72 €</b>

**Segundo.-** Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base sétima da Convocatoria e cuarta e sétima das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
7983-335	Asociación de Veciños Fonte do Galo	G36655017	Base 5ª-1 parrafo 3 e 7ª 2-d
7985-335	AFF. San Benitiño Monte Pequeno de Candeán	G27850221	Base 4ª.1
7980-335	Asociación Acción Solidaria de Galicia (Asdegal)	G27727593	Base 7ª. 2-f
7993-335	Club Montañeros Celtas	G36637890	Base 7ª. 2-f
8014-335	Asociación Pro-Escola Semente Vigo	G27789536	Base 7ª. 2-f
8034-335	Asociación Cultural A'Buraca	G27815562	Base 8ª. 2,1 (Unha actividade)

8025-335	Asociación Festas Virxen dos Liñares	G27784230	Base 4ª.5 (AEAT)
----------	--------------------------------------	-----------	------------------

**Terceira.-** O prazo de xustificación das subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2019 (expte. 7861/335) unha vez rematado o programa e como data límite o día 10 de novembro de 2019.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(951).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2019. EXPTE. 8177/335.**

Visto o informe xurídico do 21/10/19 e o informe de fiscalización do 25/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 9 de outubro de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo, para a organización da Festa do Magosto 2019, que terá lugar o vindeiro 9 de novembro, na praza do Berbés.

Desde hai varios anos, o Concello vén organizando, en colaboración coa Federación de Peñas recreativas "El Olivo", a celebración deste evento, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.



## Concello de Vigo

O procedemento a aplicar para o outorgamento desta subvención será o de concesión directa por tratarse dun suposto dos recollidos no artigo 22.2 da devandita LXS, ao estar prevista nominativamente no orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas – Magosto).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de peñas recreativas “El Olivo”, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O convenio non prevé máis obrigas por parte do Concello.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 10.878,00 euros.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Federación Peñas - Magosto) do mesmo capítulo económico.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

### PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe a concesión directa dunha subvención nominativa por importe de 7.000 € a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, CIF G-36.704.666, para a organización da Festa do Magosto 2019, que terá lugar o vindeiro 9 de novembro na praza do Berbés.

2º.- Que se aprobe o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para organización do Magosto 2019.

3º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A  
FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO  
MAGOSTO 2019

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil dezanove.

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona M<sup>a</sup> CARMEN LAGO BARREIRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 18 de xuño de 2019.

Doutra, don CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 8177/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

**II.-** Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

**III.-** Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

**V.-** Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



## Concello de Vigo

**VI.-** Que a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

**VII.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a programación, organización e execución da Festa do Magosto 2019", que se desenvolverá o vindeiro 9 de novembro na ribeira do Berbés.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a organizar a Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés o día 9 de novembro de 2019, asumindo as seguintes obrigas:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2019", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2019 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de

responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

9º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

10º.-Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

14º Á utilización de carpas ou calquera outro elemento de soporte ou cubrición que teñan certificados de homologación deberán cumprir co establecido pola normativa europea, así como certificado de instalación e de cumprimento das medidas de prevención.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 7.000,00 € (sete mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09.2080.5077.9330.4001.6285 da entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.





## Concello de Vigo

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do 10 de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

**Décimo.-** *No caso de que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**Décimo primeiro.-** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

**Décimo segundo.-** *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo terceiro.-** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**Décimo cuarto.-** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**Décimo quinto.-** *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O*



## Concello de Vigo

*material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

**Décimo sexto.-** *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes.*

**Décimo sétimo.-** *O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.*

**Décimo oitavo.-** *A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**Décimo noveno.-** *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**Vixésimo -** *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.*

**Vixésimo primeiro.-** *A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

**Vixésimo segundo.-** *En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións*

convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015 do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

### **10(952).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR 2019 (3º). EXPTE. 102725/140.**

Visto o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **RENDICIÓN CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTES A XUSTIFICAR (3º)**

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2019.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<b>Habilitado</b>	<b>Nºpagamento</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe librado</b>	<b>Importe xustificado</b>	<b>Data de pagamento</b>	<b>Data Real xustificación</b>	<b>Data legal de xustificación</b>	<b>Reintegro</b>	<b>S/ a favor</b>
Abalde Raquel Comesaña	201900023624	9120.2310000	700,00	822,59	03/04/19	29/07/19	03/07/19	0,00	122,59
Abalde Raquel Comesaña	201900023625	9120.2260100	2.000,00	1.814,05	03/04/19	02/08/19	03/07/19	185,95	0,00
Abalde Raquel Comesaña	201900026274	9121.2200100	1.000,00	1.020,90	12/04/19	31/07/19	12/07/19	0,00	20,90
Abalde Raquel Comesaña	201900026275	9120.2269900	700,00	685,16	12/04/19	01/08/19	12/07/19	14,84	0,00
Fernández Fernández Paz	201900027135	2310.4800000	150.000,00	149.369,68	17/04/19	16/07/19	17/07/19	630,32	0,00
García Álvarez Luis	201900018111	2311.4800000	3.500,00	3.090,00	11/03/19	06/06/19	11/06/19	410,00	0,00
García Álvarez Luis	201900033747	4412.2279900	4.000,00	3.938,02	10/10/19	26/08/19	10/01/20	61,98	0,00



## Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustifi-cado	Data de paga-mento	Data Real xustifica-ción	Data legal de xustifi-cación	Reinte-gro	S/ a fa-vor
García Álvarez Luis	201900033754	2311.480000	3.500,00	1.000,00	20/05/19	20/08/19	20/08/19	2.500,00	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029751	1320.2269900	500,00	500,00	30/04/19	03/06/19	30/07/19	0,00	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029759	1320.2312000	200,00	16,60	30/04/19	09/08/19	30/07/19	183,40	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029763	1320.2130000	500,00	0,00	30/04/19	09/08/19	30/07/19	500,00	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029826	1320.2200000	100,00	79,98	30/04/19	09/08/19	30/07/19	20,02	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029831	1320.2120000	1.000,00	658,99	30/04/19	09/08/19	30/07/19	341,01	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029835	1320.2190000	1.000,00	251,99	30/04/19	06/08/19	30/07/19	748,01	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900040106	1320.2269900	500,00	499,48	07/06/19	09/08/19	07/09/19	0,52	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900046817	1320.2140000	2.000,00	384,54	05/07/19	02/10/19	05/10/19	1.615,46	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900057288	1320.2269900	600,00	600,00	14/08/19	20/09/19	14/11/19	0,00	0,00
Mediero Rodríguez Belén	201900015532	3370.2200100	1.500,00	696,10	27/02/19	16/09/19	27/05/19	803,90	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	201900045136	2310.7800000	10.500,00	9.961,93	27/06/19	03/10/19	27/09/19	538,07	0,00
Otero Lamas Francis-co	201900022698	3112.2279900	3.000,00	3.000,00	25/03/19	21/06/19	25/06/19	0,00	0,00
Peña Barceló Rubén	201900022687	3410.2260100	800,00	779,40	25/03/19	25/06/19	25/06/19	20,60	0,00
Vega Andión Oscar Miguel	201900033750	9200.2219902	500,00	0,00	20/05/19	10/09/19	20/08/19	500,00	0,00
Vieites Alén José Ma-nuel	201900021271	9200.2260300	3.000,00	2.876,31	22/03/19	10/09/19	22/06/19	123,69	0,00
Vivero Mijares Anto-nio	201900029140	1350.2269901	4.000,00	3.999,28	26/04/19	04/07/19	26/07/19	0,72	0,00
Vivero Mijares Anto-nio	201900047424	1350.2269901	19.000,00	18.999,78	09/07/19	11/09/19	09/10/19	0,22	0,00
<b>TOTAL</b>			214.100,00	205.044,78				9.198,71	143,49

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201900023624, 201900023625, 201900026274 e 201900026275 de Abalde Comesaña Raquel, 201900029759, 201900029763, 201900029826, 201900029831 e 201900029835 de Martínez Muñoz Francisco, 201900015532 de Mediero Rodríguez Belén, 201900045136 de Núñez-Torrón López Jesús, 201900033750 de Vega Andión Oscar Miguel e 201900021271 de Vieites Alén José Manuel	✓	

A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

#### Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201900023624, 201900023625, 201900026274 e 201900026275 de Abalde Comesaña Raquel, 201900029759, 201900029763, 201900029826, 201900029831 e 201900029835 de Martínez Muñoz Francisco, 201900015532 de Mediero Rodríguez Belén, 201900045136 de Núñez-Torrón López Jesús, 201900033750 de Vega Andión Oscar Miguel e 201900021271 de Vieites Alén José Manuel non se renderon dentro do prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201900023624	9120.2310000	700,00	822,59	03/04/19	29/07/19	03/07/19	0,00	122,59
Abalde Comesaña Raquel	201900023625	9120.2260100	2.000,00	1.814,05	03/04/19	02/08/19	03/07/19	185,95	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201900026274	9121.2200100	1.000,00	1.020,90	12/04/19	31/07/19	12/07/19	0,00	20,90
Abalde Comesaña Raquel	201900026275	9120.2269900	700,00	685,16	12/04/19	01/08/19	12/07/19	14,84	0,00
Fernández Fernández Paz	201900027135	2310.4800000	150.000,00	149.369,68	17/04/19	16/07/19	17/07/19	630,32	0,00
García Álvarez Luis	201900018111	2311.4800000	3.500,00	3.090,00	11/03/19	06/06/19	11/06/19	410,00	0,00
García Álvarez Luis	201900033747	4412.2279900	4.000,00	3.938,02	10/10/19	26/08/19	10/01/20	61,98	0,00
García Álvarez Luis	201900033754	2311.4800000	3.500,00	1.000,00	20/05/19	20/08/19	20/08/19	2.500,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201900029751	1320.2269900	500,00	500,00	30/04/19	03/06/19	30/07/19	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201900029759	1320.2312000	200,00	16,60	30/04/19	09/08/19	30/07/19	183,40	0,00



## Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustifica-do	Data de pagamen-to	Data Real xustifica-ción	Data legal de xustifi-cación	Reintegro	S/ a favor
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029763	1320.2130000	500,00	0,00	30/04/19	09/08/19	30/07/19	500,00	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029826	1320.2200000	100,00	79,98	30/04/19	09/08/19	30/07/19	20,02	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029831	1320.2120000	1.000,00	658,99	30/04/19	09/08/19	30/07/19	341,01	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900029835	1320.2190000	1.000,00	251,99	30/04/19	06/08/19	30/07/19	748,01	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900040106	1320.2269900	500,00	499,48	07/06/19	09/08/19	07/09/19	0,52	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900046817	1320.2140000	2.000,00	384,54	05/07/19	02/10/19	05/10/19	1.615,46	0,00
Martínez Muñoz Fran-cisco	201900057288	1320.2269900	600,00	600,00	14/08/19	20/09/19	14/11/19	0,00	0,00
Mediero Rodríguez Belén	201900015532	3370.2200100	1.500,00	696,10	27/02/19	16/09/19	27/05/19	803,90	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	201900045136	2310.7800000	10.500,00	9.961,93	27/06/19	03/10/19	27/09/19	538,07	0,00
Otero Lamas Francis-co	201900022698	3112.2279900	3.000,00	3.000,00	25/03/19	21/06/19	25/06/19	0,00	0,00
Peña Barceló Rubén	201900022687	3410.2260100	800,00	779,40	25/03/19	25/06/19	25/06/19	20,60	0,00
Vega Andión Oscar Mi-guel	201900033750	9200.2219902	500,00	0,00	20/05/19	10/09/19	20/08/19	500,00	0,00
Vieites Alén José Ma-nuel	201900021271	9200.2260300	3.000,00	2.876,31	22/03/19	10/09/19	22/06/19	123,69	0,00
Vivero Mijares Antonio	201900029140	1350.2269901	4.000,00	3.999,28	26/04/19	04/07/19	26/07/19	0,72	0,00
Vivero Mijares Antonio	201900047424	1350.2269901	19.000,00	18.999,78	09/07/19	11/09/19	09/10/19	0,22	0,00
<b>TOTAL</b>			214.100,00	205.044,78				9.198,71	143,49

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(953).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO CASTRO, ASÍ COMO O ESTUDO DE PARAMENTO. EXPTE. 9515/307.**

Visto o informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e simplificado do CONTROL ARQUEOLÓXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO, ASÍ COMO O ESTUDO DE PARAMENTOS.*

*2º.- Autorizar o gasto que supón a aprobación do expediente referido no punto anterior por importe de 66.445,72 euros con cargo á aplicación 3360.6190000 dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo para o exercicio 2019.*

*3º.- Autorizar a superación dos límites orzamentarios establecidos no artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, imputando gasto aos exercicios futuros que se indican e polas cantidades seguintes:*

EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	PORCENTAXE
2020	3360.6190000	49.834,34	75,00%

*4º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas dirixido á contratación do control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro, así como o estudo de paramentos, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 2 de agosto de 2019.*





## Concello de Vigo

5º.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 9 de agosto de 2019.*

6º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ	85,25
2	ÁRBORE COOPERATIVA GALEGA	60,52

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, o día 10 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida 17 de outubro, dentro do prazo concedido.

Examinada a documentación pola Mesa de Contratación acordouse conceder ao licitador un prazo de tres días para emendar a acreditación da solvencia técnica. Esta documentación foi presentada o 24 de outubro de 2019, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de setembro e 7 de outubro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 10 de outubro de 2019 polo que se entende que D<sup>a</sup>. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ retira a súa oferta e se acorda dar traslado ao Servizo de Contratación para que inicie o correspondente expediente para prohibición de contratar de conformidade co artigo 71.2a) da LCSP.*
2. *Adxudicar a D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307) por un prezo total de 94.186,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.346,40 euros e coas seguintes condicións:*

*- Acredita unha maior experiencia dos medios persoais técnicos esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:*

*a) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente:*

- *10 intervencións arqueolóxicas en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.*



## Concello de Vigo

- 10 intervencións arqueolóxicas en castros ou xacementos arqueolóxicos catalogados ou con análoga protección cultural.
  - b) Arqueólogo/a, historiador con especialidade en arqueoloxía ou titulación equivalente, especialista en estudo de paramentos:
    - 8 intervencións de obra de intervención en estudos de paramentos en castelos ou fortalezas catalogadas ou con análoga protección cultural.
    - 8 intervencións en estudos de paramentos en castros, ou edificacións catalogadas ou con análoga protección cultural.
- Propón un incremento do persoal a maiores dos medios persoais esixidos no apartado 5.F das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares:
- a) Un/unha técnico/a coa titulación superior de enxeñeiro ou arquitecto, con experiencia de ó menos 5 anos en obras de rehabilitación ou restauración de estruturas de fábrica de pedras con protección histórica.
  - b) Un/unha técnico/a coa titulación superior de conservación e restauración de bens culturais, con experiencia profesional de alomenos cinco anos de traballos propios da titulación”.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(954).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA A UNIDADE DE ATENCIÓN CIDADÁ (INFORMACIÓN). EXPTE. 34721/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18/10/19, dáse conta do informe-proposta do 17/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 17/04/2019, a secretaria de goberno local, emite informe sobre as necesidades de persoal ante o relevante incremento das responsabilidades administrativas da Secretaría de Goberno Local que requiren, para o seu desenvolvemento, a axeitada dotación de medios e recursos persoais, e solicita a cobertura de dous postos de auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, para o

desenvolvemento das súas funcións no Servizo de Atención Cidadá, con cargo ás listas existentes de procesos selectivos de creación de bolsa de emprego.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 23/09/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 23/09/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la*



## Concello de Vigo

*conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso



## Concello de Vigo

regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da secretaria de goberno local, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas auxiliares para Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información (Unidade de Atención Cidadá), cód. 232, e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de outubro de 2019 e o 31 de marzo de 2020, supón un gasto de **23.902,20 €**, dos que 11.805,78€, corresponden ao presente exercicio e, 12.096,42€ ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.699,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 3.803,28€, corresponden ao presente exercicio e 3.896,28€ ao vindeiro exercicio 2020.

Engade que o referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (3 meses) e ao vindeiro ano 2020 (3 meses).

Sen embargo, tendo en conta que xa transcorreron as datas de previsión para os referidos nomeamentos e supoñendo que os nomeamentos puideran levarse a cabo do 1 de novembro de 2019 ao 30 de abril de 2020 suporía un gasto de **23.999,06 €**, dos que 7.870,51€, corresponden ao presente exercicio e, 16.128,55€ ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.730,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 2.535,52€, corresponden ao presente exercicio e 5.195,04€ ao vindeiro exercicio 2020.

Así, o referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (2 meses) e ao vindeiro ano 2020 (4 meses).

Así mesmo, aclara que a aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT, por importe de 12.096,42€. Este importe, se temos en conta a diferenza de datas especificada anteriormente supón a incorporación dun novo AFUT por importe de 16.128,55€ ao que habería de engadirse as cantidades destinadas á seguridade social por importe de 5.195,04€.

Engade en resumo, que as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 1.039.699,07€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€, respectivamente

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliares de administración xeral de D<sup>a</sup>. Carolina Sofía Canosa Fernández, con DNI \*\*\*7862\*\* e D<sup>a</sup> María Rosario Domínguez Da Silva, con DNI \*\*\*5520\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**





## Concello de Vigo

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da oficina de asistencia ao rexistro e información (Unidade de Atención Cidadá), cód. 232, contidas no escrito do 17/04/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.999,06 €**, dos que 7.870,51€, corresponden ao presente exercicio e, 16.128,55€ ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.730,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 2.535,52€, corresponden ao presente exercicio e 5.195,04€ ao vindeiro exercicio 2020, reflectidos no apartado "IV Proposta de gasto" e segundo o informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Auxiliares a D<sup>a</sup>. Carolina Sofía Canosa Fernández, con DNI \*\*\*7862\*\* e D<sup>a</sup> María Rosario Domínguez Da Silva, con DNI \*\*\*5520\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar), sendo adscritos/as oficina de asistencia ao rexistro e información (Unidade de Atención Cidadá), cód. 232, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á secretaria de goberno local, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no

prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(955).- RECLAMACIÓN SOBRE RECOÑECIMENTO DO DEREITO DE CARÁCTER FIXO E, SUBSIDIARIAMENTE, INDEFINIDO NON FIXO, DA RELACIÓN LABORAL DA EFECTIVA MUNICIPAL CON NP 61105. EXPTE. 34753/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 21/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Único.-** Con data 22/08/2019, la Sra. Portas Saavedra M.J., presenta escritos (doc nº 190130789 e doc nº 190130790), de reclamación en materia de recoñecemento de dereito, en base a cal se declare a existencia de fraude de lei na contratación temporal e en consecuencia se recoñeza a súa condición de persoal laboral fixo ou subsidiariamente indefinido non fixo do Concello de Vigo, coa categoría de da calificación da relación laboral que a une coa Administración, como fixa e subsidiariamente indefinida, con efectos dende o día no que foron contratados pola Administración.

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

I.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano.

III.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.



## Concello de Vigo

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### II.- O persoal indefinido non fixo.

Como é sabido o persoal indefinido non fixo, nace no ano 1996 como creación xurisprudencial da Sala do Social do Tribunal Supremo, para saír ao paso dos fraudes cometidos polas Administracións Públicas na contratación do persoal temporal. Dende o momento en que se creou esta figura xa se puxo de manifesto que, pese a súa ilicitude, as irregularidades contractuais non poden determinar a adquisición da fixeza polo traballador afectado, xa que logo tal efecto resulta contrario aos principios legais e constitucionais que garantan o acceso ao emprego público -tanto funcional, como laboral- en condicións que se axusten aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

No ámbito do concello de Vigo, foron emitidos informe xurídicos obrantes nos exptes 24698-220, 24853-220 e 29496-220, sobre esta cuestión, que aos efectos oportunos reproducimos parcialmente a continuación: *“Remitíndonos ao Dereito Administrativo do Emprego Público, resulta relevante indicar que o marco normativo de aplicación ao réxime xurídico e condicións do emprego público no noso ordenamento xurídico vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (actualmente Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público), que regula detalladamente os sistemas de acceso ao mesmo, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de **mérito** e **capacidade** (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á **igualdade** de trato no artigo 14. Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

*Polo tanto, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non se produciu no seu momento, xenerando os pronunciamentos xudiciais firmes de indefinición que permiten que continúe dito persoal desenvolvendo as funcións xudicialmente recoñecidas á data de hoxe en idénticas condicións ás indicadas nas sentenzas.”*

Polo tanto e polo que respecta a petición principal, é claro que non procede a declaración de fixeza por impedilo os principios legais e constitucionais que garantan o acceso ao emprego público.

### III.- Prohibición de recoñecemento en vía administrativa da condición de persoal laboral indefinido non fixo.

A Disposición Adicional 34.2 da lei de Orzamentos xerais do Estado para 2017 impediu expresamente o recoñecemento en vía administrativa da condición de persoal laboral indefinido non fixo das AAPP. Incorporación literal de ese mandato que se reproduciu na DA 43 da vixente lei 6/2018 de Orzamentos Xerais do Estado para o 2018 e prorrogada para o ano 2019.

A citada Disposición adicional cuadraxésima terceira, que leva por rúbrica “Exigencia de responsabilidades en las Administraciones Públicas y entidades dependientes de las mismas por la utilización de la contratación laboral”, no punto segundo, dispón de forma cexpresamente: *“Los órganos competentes en materia de personal en cada una de las Administraciones Públicas y en las entidades que conforman su Sector Público Instrumental serán responsables del cumplimiento de la citada normativa, y en especial velarán para evitar cualquier tipo de irregularidad en la contratación laboral temporal que pueda dar lugar a la conversión de un contrato temporal en indefinido no fijo. Así mismo, los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinido no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial.”*

Polo tanto, tal e como determina taxativamente a vixente DA 43, solo previa resolución xudicial se poderá determinar que o fraude na contratación administrativa ou laboral temporal provocará a existencia de indefinidos non fixos, é dicir, solo a través da vía xudicial é posible atribuír tal condición a un empregado público ou contratado administrativo. Así as cousas, a única resposta posible para a administración é a de remitirse á citada disposición e establecer que en base a ela, sen mais trámite, e sen entrar no fondo da cuestión por ausencia de competencia da Administración de resolver a petición; corresponde ao órgano xudicial establecer si os reclamantes teñen ou non a condición de traballadores indefinidos non fixos.

**IV.-** De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Polo tanto e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**"PRIMEIRO.-** Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada pola Sra. Portas Saavedra M.J. (doc nº 190130789 e doc nº 190130790).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á solicitante.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto



## Concello de Vigo

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(956).- DOAZÓN DO MATERIAL ARQUEOLÓXICO AO MUSEO MUNICIPAL DE “QUIÑONES DE LEÓN” PROVENIENTES DAS ESCAVACIÓNS REALIZADAS NA ILLA DE TORALLA. EXPTE. 6188/337.**

Visto o informe xurídico do 19/08/19, dáse conta do informe-proposta do 25/10/19, do director do Museo Municipal Quiñones de León, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En data 1 de setembro de 2017 D<sup>a</sup> Carmen Isabel Echegaray Jalbert dirixe carta ao Concelleiro Delegado de Cultura, sr. Rodríguez Escudero, na que manifesta o seu interese en doar ao Museo Municipal “Quiñones de León” determinado material arqueolóxico, e documentación relacionada, achado polo seus antepasados na illa de Toralla, enton da súa propiedade, e actualmente na República de Arxentina.

Achega para acreditar a súa lexítima propiedade dos materiais e documentos o documento “*Primer testimonio. Acta de manifestación. María del Carmen Isabel Echegaray Jalbert. Escritura número ciento veinte (120) del Colegio de Escribanos de la provincia de Santa Fe (República Argentina) redactada y firmada por el legalizador 1º de la circunscripción, Dña. Martha Gallardo, y legalizada por la escribana pública Doña Viviana R. Vega*”.








O material arqueolóxico e documentación, obxecto da oferta de doazón, aparecen referenciados no antedito documento; achegando a interesada as imaxes dos mesmos, que figuran no anexo; resultando ser:

- 1.- Recurte do xornal “Vida Gallega” coa noticia da localización da necrópole de Illa de Toralla
- 2.- Fotografía do xornal “Vida Gallega” (10-11-1913) do arqueólogo Oviedo y Arce examinando os restos das sepulturas romanas
- 3.- Xerriña de época romana
- 4.- Moeda de época romana
- 5.- Dúas doas púnicas
- 6.- Anel de bronce
- 7.- Fibela
- 8.- Anel
- 9.- 11 fusaiolas de cerámica e unha de pedra
10. Fragmento de cerámica con decoración en hastas tipo “Cíes”
- 11.- Stylo de bronce romano.

### **2. Valoración do interese da oferta**

## 2.1. Descrición dos materiais ofertados

A oferta realizada por Carmen Isabel Echegaray Jalbert comprende as seguintes pezas arqueolóxicas e documentación asociada:

nº	Título	Técnica	Dimensións	Datación	Imaxe	Valoración económica estimada
1	Recorte do xornal “Vida Gallega” coa noticia da localización da necrópole de Illa de Toralla	Papel impreso	31 x 24 cm aprox	1913		100 €
2	Arqueólogo Oviedo y Arce examina os restos das sepulturas romanas na Illa de Toralla	Fotografía do xornal “Vida Gallega”.	---	1913		150 €
3	Xerriña	Cerámica	8 cm diámetro aprox	Época romana s. III-IV d. C		2000 €
4	Moeda	Bronce	2,8 cm diámetro	Época romana s. III-IV d. C		500 €
5	Conxunto de dúas doas	Cerámica	1 cm aprox cada unha	Cultura púnica s.V-II a.C		3.000 €
6	Anel ou fibela	Bronce	3,5 cm diámetro	s.V-II a.C		1.500
7	Fibela	Bronce¿?	1,5 x 2,4 cm aprox	s.V-II a.C	 Á dereita	500



## Concello de Vigo

nº	Título	Técnica	Dimensións	Datación	Imaxe	Valoración económica estimada
8	Anel	Bronce¿?	1 cm diámetro aprox	s.V-II a.C	 Á esquerda	1000
9	Conxunto de 10 fusaiolas	cerámica	1 a 5 cm de diámetro	s.V-II a.C	 Agás fila superior centro	1000
10	1 fusaiola	pedra	4,5 cm de diámetro aprox.	s.V-II a.C	 Fila superior centro	100
11	Fragmento de cerámica con decoración en hastas tipo "Cíes"	cerámica	5 cm aprox	s.V-II a.C		500
12	Stylo	bronce	11 cm aprox	Época romana s. III-IV d.C.		3.000

### 2.2. Interese xeral dos materiais ofertados

Examinado o conxunto de materiais en doazón polo investigador distinguido, profesor de arqueoloxía da Universidade de Vigo e Vicedecano da Facultade de Historia, Adolfo Fernández Fernández, presenta escrito en data 7 de agosto de 2019, incorporado no anexo, no que expresa o gran valor das pezas para a cidade de Vigo: *"O valor económico, histórico, científico e incluso "sentimental" destes materiais arqueolóxicos, a pesares do seu pequeno volumen e aparencia, é incalculable. A posibilidade de recuperalos para a cidade é unha oportunidade única que non debe desaproveitarse, xa que o custo económico do seu traslado nunca será maior que o retorno que proporcionarán á sociedade, especialmente á viguesa, expectante e atraída por coñecer máis do seu xerme como sociedade e como cidade"*.

Á vista do antedito informe do Sr. Fernandez; tendo como referencia a definición de museos que establece a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 111.1., como “**institucións** de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, **orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade** en xeral, **por medio da recollida, adquisición**, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural...”; pode concluírse **o gran interese de incorporar a totalidade dos materiais e documentación ofertados á colección de arqueoloxía do Museo Municipal “Quiñones de León”.**

### 2.3. Situación legal dos materiais e operativo de importación

#### 2.3.1. Documentación

A doante achega como acreditación da súa lexítima e única propiedade o documento, que se achega no anexo, “*Primer testimonio. Acta de manifestación. María del Carmen Isabel Echegaray Jalbert. Escritura número ciento veinte (120) del Colegio de Escribanos de la provincia de Santa Fe (República Argentina) redactada y firmada por el legalizador 1º de la circunscripción, Dña. Martha Gallardo, y legalizada por la escribana pública Doña Viviana R. Vega*”.

Este documento representa ser equivalente a acta notarial na que a citada manifesta, entre outros: a) a orixe e circunstancia do achado dos materiais atopados polo seu abó Martín Echegaray na súa finca da illa de Toralla a comezos do século XX; b) a súa propiedade por herdanza do seu pai falecido Juan Echegaray García; c) a súa vontade de doar os materiais ao museo “Quiñones de León”.

#### 2.3.2. Fórmula e gastos de repatriación dos materiais

Dado que todos os materiais ofertados atópanse actualmente no enderezo da doante, na cidade de Santa Fé, República Arxentina; a aceptación da oferta de doazón por parte do Concello de Vigo conlevaría a tramitación ante as autoridades arxentinas das autorizacións pertinentes para a súa importación conforme ao que estea legalmente establecido.

Realizada consulta previa cos organismos REYCOA e INALP, implicados nas exportacións arqueolóxicas desde a República Arxentina, éstos expresaron que os citados materiais non cabe consideralos patrimonio arxentino recoñecendo que polas súas características pertencen ao Patrimonio Arqueolóxico Español; de xeito que amosan a súa completa colaboración para levar a cabo a súa restitución, engadindo que tratase dun trámite que fan habitualmente con distintos países.

Analizado o procedemento de importación este conlevaría, unha vez aceptada a doazón polo órgano competente do Concello de Vigo, o desenvolvemento das seguintes operacións:





## Concello de Vigo

+Realización de fichas de rexistro detalladas de cada unha das pezas.

+Formalización da documentación necesaria para a súa presentación ante os organismos competentes da República Arxentina en materia de exportación de patrimonio cultural.

+ Embalaxe dos materiais e o seu traslado asegurado vía aérea desde o enderezo da doante na cidade de Santa Fé (Arxentina) ata a cidade de Vigo (Museo Municipal “Quiñones de León”) con correo de acompañamento e previo pagamento das taxas administrativas de exportación.

Dado que o museo municipal non dispón dos recursos humanos necesarios para abordar o operativo descrito, resulta precisa a súa contratación externa mediante empresa especializada.

Con este fin tramitouse o expediente de gasto menor de contratación dun servizo de traslado do material arqueolóxico (expdte. 6700-337) no que resultou adxudicataria a empresa CONSULTARTE&RESTAURARTE S.L por importe de 6.000 euros.

#### 4. Valoración económica estimada do material ofertado

En base ás consultas realizadas establececese un valor económico para o conxunto seleccionado en 13.350 €, segundo detalle individual para cada elemento que se especifica no punto 2.1. do presente informe.

#### 5. Informe xurídico favorable






En data 19 de agosto a Secretaria de Administración Municipal emite informe favorable o expediente de doazón sinalando que debe incorporarse o expediente o informe proposta por parte do Xefe do servizo ( artigos 172 e 175 do ROF) e fiscalización previa a adopción do acordo por parte da Intervención en tanto que a donación comporta un gasto de aproximadamente 6000 euros; do que resultou a tramitación do expediente de gasto mencionado no punto n. 3.

Visto todo o cal; a oferta de doazón de diversos materiais arqueolóxicos e documentación relacionada por parte de D<sup>a</sup> Carmen Isabel Echegaray Jalbert; o informe do investigador distinguido, profesor de arqueoloxía da Universidade de Vigo e Vicedecano da Facultade de Historia, Adolfo Fernández Fernández; conforme a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que no seu artigo 111.1 establece que *“os museos son institucións de carácter permanente (...) orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición (...) de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural”*; considerase favorable a aceptación da doazón proposta na súa integridade; polo valor histórico dos materiais ofertados particularmente para a cidade de Vigo e para a comunidade galega; ao proceder da Illa de Toralla (Vigo) lugar de cuxos xacementos arqueolóxicos o Museo Municipal “Quiñones de León” dispón de moi importantes achados de xeito que a incorporación dos materiais ofertados suporía completar e afondar no coñecemento deste área durante a súa habitación púnica, castrexa e romana; co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; e coa conformidade do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión

Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:



**PROPOSTA.-**


"1. Aceptar na súa integridade a doazón do material arqueolóxico, e documentación asociada; procedente da illa de Toralla; ofertado por Carmen Isabel Echegaray Jalbert; consistente en:

nº	Título	Técnica	Dimensións	Datación	Imaxe	Valoración económica estimada
1	Recurte do xornal "Vida Gallega" coa noticia da localización da necrópole de Illa de Toralla	Papel impreso	31 x 24 cm aprox	1913		100 €
2	Arqueólogo Oviedo y Arce examina os restos das sepulturas romanas na Illa de Toralla	Fotografía do xornal "Vida Gallega".	---	1913		150 €
3	Xerriña	Cerámica	8 cm diámetro aprox	Época romana s. III-IV d. C		2000 €
4	Moeda	Bronce	2,8 cm diámetro	Época romana s. III-IV d. C		500 €
5	Conxunto de dúas doas	Cerámica	1 cm aprox cada unha	Cultura púnica s.V-II a.C		3.000 €



## Concello de Vigo

nº	Título	Técnica	Dimensións	Datación	Imaxe	Valoración económica estimada
6	Anel ou fibela	Bronce	3,5 cm diámetro	s.V-II a.C		1.500
7	Fibela	Bronce¿?	1,5 x 2,4 cm aprox	s.V-II a.C	 Á dereita	500
8	Anel	Bronce¿?	1 cm diámetro aprox	s.V-II a.C	 Á esquerda	1000
9	Conxunto de 10 fusaiolas	cerámica	1 a 5 cm de diámetro	s.V-II a.C	 Agás fila superior centro	1000
10	1 fusaiola	pedra	4,5 cm de diámetro aprox.	s.V-II a.C	 Fila superior centro	100
11	Fragmento de cerámica con decoración en hastas tipo "Cíes"	cerámica	5 cm aprox	s.V-II a.C		500

nº	Título	Técnica	Dimensións	Datación	Imaxe	Valoración económica estimada
12	Stylo	bronce	11 cm aprox	Época romana s. III-IV d.C.		3.000

Procedendo trala súa incorporación á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico.

2. Autorizar á CONSULTARTE&RESTAURARTE S.L C.I.F B-70016613 a operar en nome do Concello de Vigo respecto da formalización da acta de cesión e de toda canta actuación sexa necesario levar a cabo relacionada co traslado do material arqueolóxico doado por Carmen Isabel Echegaray Jalbert.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(957).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN SONDESEU” PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA SONDESEU” NOS CENTROS CULTURAIS DE VIGO NO EXERCICIO 2019. EXPTE. 2903/330.**

Visto o informe xurídico do 04/10/19 e informe de fiscalización do 22/10/19, dáse conta do informe-proposta do 03/10/19, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 18.09.2019, a “FUNDACIÓN SONDESEU” presenta a través da sede electrónica solicitude de subvención e documentación anexa ; por este motivo, o día 23 de setembro do 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para o desenvolvemento do “Programa Sondeseu” nos centros culturais de Vigo no exercicio 2019, e realizar un convenio con esta entidade para regulalo, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A “FUNDACIÓN SONDESEU” é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do siste-



## Concello de Vigo

ma educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O “PROGRAMA SONDESEU” NOS CENTROS CULTURAIS DE VIGO” desenvolverase durante o exercicio 2019 según o seguinte calendario:

- 10 de outubro, no CVC de Valladares
- 17 de outubro, na SCDR de Beade
- 24 de outubro, na SCDA de Matamá
- 31 de outubro, no CSCR de Bembrive

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola “ Fundación Sondeseu” de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo ao desenvolvemento do “Programa Sondeseu” nos Centros Culturais de Vigo no exercicio 2019.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “FUNDACIÓN SONDESEU”, para o desenvolvemento do “Programa Sondeseu” nos Centros Culturais de Vigo no exercicio 2019, obxecto do presente convenio rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “FUNDACIÓN SONDESEU” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “FUNDACIÓN SONDESEU” ten como obxecto financiar o desenvolvemento do “Programa Sondeseu” nos Centros Culturais de Vigo no exercicio 2019 e figura na partida 3340.480.00.19 “CONVENIO FUNDACIÓN SONDESEU”, a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 10.000 €, a favor da dita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “FUNDACIÓN SONDESEU” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**



## Concello de Vigo

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á “FUNDACIÓN SONDESEU”, CIF: G36968741, para o financiamento do “Programa Sondeseu” nos Centros Culturais de Vigo, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 “CONVENIO FUNDACIÓN SONDESEU”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “FUNDACIÓN SONDESEU” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do “Programa Sondeseu” nos Centros Culturais de Vigo.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SONDESEU, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “SONDESEU NOS CENTROS CULTURALS DE VIGO” NO EXERCICIO 2019**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Xaquín Xesteira Losada, na súa condición de presidente da FUNDACIÓN SONDESEU (CIF: G36968741) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en rúa García Barbón, número 5, planta baixa, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **FUNDACIÓN SONDESEU** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do sistema educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACIÓN SONDESEU** concretamente no programa **SONDESEU NOS CENTROS CULTURAI DE VIGO**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo inclúe a aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, como subvención nominativa, a favor da **FUNDACIÓN SONDESEU**, coa cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN SONDESEU** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa **SONDESEU NOS CENTROS CULTURAI DE VIGO**, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

O programa "SONDESEU NOS CENTROS CULTURAI DE VIGO" desenvolverase durante o exercicio 2019 según o seguinte calendario:





## Concello de Vigo

- 10 de outubro, no CVC de Valladares
- 17 de outubro, na SCDR de Beade
- 24 de outubro, na SCDA de Matamá
- 31 de outubro, no CSCR de Bembrive

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xaquín Xesteira Losada, presidente da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- a) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.



## Concello de Vigo

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.



## Concello de Vigo

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

## **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

## **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicárallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso



## Concello de Vigo

común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## **ANEXO I**

### **ORZAMENTO SONDESEU NOS CENTROS CULTURAIS DE VIGO**

#### **1.- GASTOS:**

Altas e baixas de músicos na Seguridade Social	800 €
Produción e road manager	8.159,15 €
Equipo técnico complementario	1.040,85 €

**TOTAL GASTOS 10.000 €**

#### **2.- INGRESOS:**

Concello de Vigo	10.000 €
------------------	----------

**TOTAL INGRESOS 10.000 €**

#### **16(958).- PROXECTO DE PLAN NORMATIVO ANUAL 2020. EXPTE.1648/110.**

A Xunta de Goberno Local retira este expediente da orde do día.

#### **17(959).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN AO CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.U” A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN S TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe de fiscalización do 19/09/19 e o informe xurídico do 16/10/19, dáse conta do informe-proposta do 29/08/19, asinado polo xefe de Mantemento de Vías , o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións, o concelleiro de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

1.-En data 29/04/19 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación dun Convenio entre o Concello de Vigo e a sociedade “Supervisión e Control, S.A.U” concesionaria do servizo de inspeccións técnicas dos vehículos en Galicia, co obxecto de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas dos vehículos da flota municipal, a cal fórmase por





## Concello de Vigo

aproximadamente 240 vehículos de diferentes categorías e funcións. Xustifícase a necesidade e oportunidade do convenio no feito de que os devanditos vehículos deben someterse periodicamente ás inspeccións técnicas preceptivas, motivo por el cal considerouse necesaria a regulación dun procedemento de xestión e facturación adecuado.

2-Consta no expediente memoria xustificativa que xustifica a necesidade e idoneidade do convenio, asinada en data 31/05/19 polo Xefe da Unidade de mantemento de vías e obras, o Xefe do Servizo administrativo e control orzamentario, o Xefe da Área de Inversións de servizos xerais, e o Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, e na que consta a xustificación de cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, de conformidade co recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, toda vez que as actuacións contempladas na proposta de convenio xustifican un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, e supoñen un aforro no gasto ao mantemento ordinario, toda vez que se prescinde da contratación dun servizo de mediación das referidas xestións sendo realizadas por persoal do Parque Móbil.

3.- Consta Informe xurídico favorable de data 8/07/19 e informe da Intervención da mesma data.

4.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscripción pola Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U"; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para la sinatura do convenio.

5.-En base á referida necesidade a sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

6.-As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U", e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal durante o período desde a sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2019, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, a necesidade dunha estimación de gasto máximo de CINCO MIL EUROS (5.000 EUROS) IVE, Tasas e gastos incluídos.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

II.-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da

Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

**IV.-** Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.019.

**V.-** Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.

**VI.-** Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

**VII.-** Real Decreto lexislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Autorizar o gasto polo importe máximo de CINCO MIL EUROS (5.000€) IVE, Tasas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" do vixente orzamento, co obxecto de desenvolver no ano 2019 as inspección técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

**Segundo-** Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(960).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE COBERTURA DE SEGURO DE RISCOS DIVERSOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12550/445.**

Visto o informe xurídico do 11/09/19 e o informe de fiscalización do 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/09/19, asinado polo xefe de Mantemento de Vías, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 05/12/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS o "Contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo"(expte. 12550-445) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; coas seguintes condicións o



## Concello de Vigo

prezo total do contrato é de trescentos vinte e seis mil novecentos setenta e seis euros (326.976,00 euros) (exento de IVE). Os importes anuais das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1a categoría:
  - Hasta 75 Cv 450 euros
  - De 76 a 118 Cv 450 euros
  - Más de 118 Cv 450 euros
  
- Vehículos de 2ª categoría:
  - Vehículos industriais 300 euros
  - Vehículos agrícolas 300 euros
  
- Vehículos de 3a categoría (motocicletas ):
  - De 50 a 74 cc 500 euros
  - De 74 a 149 cc 500 euros
  - De 150 a 349 cc 500 euros
  - De 350 a 499 cc 500 euros
  - De 500 a 749 cc 500 euros
  - Más de 749 cc 500 euros
  
- Outros vehículos: camiións ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.200 euros
  - PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.200 euros
  
- Propón as seguintes melloras:
  - Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 100 (%).
  - Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 300 (%).
  - En caso de sinistro considera que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).
  - Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 300 (%).
  - Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía.
  - Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinexético, en todo caso e sempre que medie atestado.

2.- Trátase dun contrato privado de servizo de seguros, dos incluídos na categoría 6 do Anexo II do TRLCSP, segundo o artigo 20.1 do TRLCSP. O referido contrato formalizouse en documento administrativo en data 30/12/2017, constando na cláusula cuarta o prazo de execución, o cal é de dous anos contado a partir das 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2.018 e tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade co artigo 20.1 do TRLCSP, o contrato de servizo de seguros ten a consideración de contrato privado tendo por obxecto servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II. Os referidos contratos rexeráanse en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas polo TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento, aplícanse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou no seu caso de dereito privado. No referente aos seus efectos e extinción réxense polas normas de dereito privado, sendo non obstante de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I TRLCSP, sobre a modificación dos contratos.

**Segundo.-** A Lei 50/1980, 8 outubro do Contrato de Seguro, establece respecto á duración do contrato no seu artigo 22 que esta deberá ser determinada na póliza, a cal non poderá fixar un prazo superior aos dez anos. Non obstante, poderá establecerse que se prorrogue unha ou mais veces por un período non superior a un ano cada vez. De conformidade co apartado 2 do devandito artigo, as partes poderán opoñerse á prórroga do contrato mediante notificación escrita á outra parte, efectuada cun prazo de, ao menos un mes de anticipación á conclusión do período do seguro en curso cando quen se opoña sexa o tomador e dous meses cando sexa o asegurador.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7 que o contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas por un período dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo por un período dun ano en base ao correcto funcionamento do contrato de servizos, e ao cumprimento adecuado das obrigas establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-**A entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, manifestou a súa conformidade coa prórroga.

**Sexto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sétimo.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.020 ao 31 de decembro de 2.020, sendo que o prezo anual correspondente ao contrato ascende a cento sesenta e tres mil catrocentos oitenta e oito euros (163.488 euros) (exento de IVE).

**Oitavo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202. 2240000 “ Seguro de vehículos” segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.020.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 (desde as 00.00 horas) e 31 de decembro de 2.020: 163.488 euros.



## Concello de Vigo

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo”(expte. 12550-445), formalizado coa entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS polo período comprendido dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.020 ao 31 de decembro de 2.020.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo”(expte. 12550-445)

a favor da entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF. A48001648) por importe de cento sesenta e tres mil catrocentos oitenta e oito euros (163.488 euros) (exento de IVE); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202. 2240000 “ Seguro de vehículos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.020.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 (00.00 horas) e 31 de decembro de 2.020: 163.488 euros.

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF. A48001648).

### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(961).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA ÁREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”. EXPTE. 275/441.**

Visto o informe xurídico do 21/10/19 e informe de fiscalización do 28/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola concelleira de Contratación, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** O Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, en execución de contrato menor de servizos para redacción de proxecto, presenta proxecto de “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN

DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”, de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13.02.2019.

**2.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 15.02.19, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 18.02.2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 28.02.2019 aprobou o proxecto de “REPARACIÓN DE FILTRACIÓN NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS), de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13.02.2019.

**3.-** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 9330 “Xestión do patrimonio” a aplicación orzamentaria 9330.632.00.00 (Investimentos de mellora no patrimonio municipal).

**4.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4124-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de febreiro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 28.02.2019, que se corresponde co expediente administrativo 4124-443, e que inclúe Pregos de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, asinado dixitalmente en data 13 de febreiro de 2019.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 20 de marzo de 2019.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 21 de marzo de 2019.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 21 de marzo de 2019.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17 de outubro de 2019.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 17 de outubro de 2019.
- g) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17 de outubro de 2019.



## Concello de Vigo

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 15.02.2019).

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), Corresponde a súa tramitación á Concellería de Fomento en virtude da delegación de competencias de Alcaldía de data 26.06.2019 ao tratarse dunha obra pública municipal.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”** redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS

OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS) de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13.02.2019.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.10.2019.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCIENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS” (490.285,89 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 85.090,94 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria “9330.632.00.00” (Investimentos de mellora no patrimonio municipal), de acordo coas seguintes anualidades:

2019: 340.285,89 euros  
2020: 150.000,00 euros

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(962).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE TURISMO, DURANTE OS MESES DE ABRIL, MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2019. EXPTE. 7501/104.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/10/19, asinado pola técnica de Actividades Turísticas e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de abril, maio, xuño, xullo, agosto e setembro do ano 2019, que se relacionan deseguido:

<b>7378-104 (N)</b> <b>CM Servizo inserción publicitaria Faro de Vigo con motivo da exposición Davila e Gogue.</b> 43202260200	RCM 31993 ADM 32773	17.545€	Faro de Vigo S.A.U. (A3600815)	1 MES
<b>7382-104 (N)</b> <b>CM Servizo adquisición e reposición de bandeiras</b> 4320.2269900	RCM 31704 ADM 32009	2.954,82€ €	Dos de Rotulación (B36790731)	8 MESES
<b>7398-104 (N)</b>	RCM 34609	8.621,25 €	Fundamar	4 MESES





## Concello de Vigo

<b>CM Servizos para a promoción de rutas guiadas a discapacitados físicos "Special Olympics"</b> 4320.2279904	ADM 38889		(G27745397)	
<b>7401-104 (N) CM Patrocinio publicitario VI Interplanetario-Torneo Internacional Infinity&amp;Aristeia</b> 4320.2279904	RCM 39751 ADM 39941	5.000 €	Asociación Juvenil y Cultural Esbouzas (G27755065)	4 MESES
<b>7407-104 (N) CM de subministros para impresión de material gráfico</b> 4320.2260200	RCM 41100 ADM 45222	12.620,30€	María José Torea Conde- (36062956Z)	7 MESES
<b>7408-104 (N) CM Servizo para o mantemento da Web de Turismo</b> 43202279903	RCM 41722 ADM 42833	4.815,80 €	Pedro Figueras Cabaleiro - OPSOU (36092402c)	7 MESES
<b>7419-104 (N) CM Servizos para os gastos de xestión derivados dos traballos técnicos da promoción turística do crv.</b> 4320.2279904	RCM 45158 ADM 45785	14.737,80 €	Fedellando por Galicia (J27871276)	6 MESES
<b>7436-104 (N) CM Patrocinio Publicitario "LXV Aniversario do III Congreso Internacional Poesía nas Illas Cíes"</b> 43202279904	RCM 53353 ADM 56420	17.847,50 €	Faro de Vigo S.A.U. (A366600815)	1 MES
<b>7437-104 (N) CM Patrocinio "Battle of Teams"</b> 4320.2279904	RCM 55565 ADM 62846	7.986,00 €	Gusoti e Hijos, S.L. (B27799055)	1 MES
<b>7475-104 (N) Contratación do Servizo de promoción turística de Nadal a congresistas de Conxemar</b>	RCM 68835 ADM 70686	2.448,00 €	Flow Valdevez, S.L. (B27864875)	1 DÍA

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **21(963).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DECORATIVO DE ILUMINACIÓN E SUBMINISTRO DOS ELEMENTOS DECORATIVOS, ASÍ COMO O SERVIZO DE INSTALACIÓN, MANTEMENTO E DESMONTE DOS ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS NAS CAMPAÑAS DO NADAL 2018-2019, 2019-2020 E 2020-2021.EXPTE. 6713/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 31/10/19 e o informe xurídico do 30/10/19, dáse conta do informe-proposta do 30/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (PCAP).



## Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmote dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (PPT).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 25 de maio de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou aprobar o expediente de contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas, prazas, e espazos comerciais da cidade durante as festas do Nadal e a subministración en réxime de aluguer dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento durante o período do Nadal e desmote da instalación proposta pola empresa adxudicataria dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021.

**Segundo.-** En data 14 de agosto de 2018 a XGL acordou:

*“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmote dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 2.474.614,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 429.478,56 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
  1. *Incrementa o número de arcos en relacións cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 60 unidades e coa seguinte distribución:*
    - 46 ARC 06
    - 14 ARC 08
  2. *Incrementa o número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 130 e coa seguinte distribución:*
    - 118 MOT-09
    - 12 MOT-49
  3. *Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal:*
    - equipo de son
    - equipo audiovisual
    - equipo de iluminación escenario
    - outros
  4. *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 5%.*

5. *Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 108m<sup>2</sup>.*
6. *Iluminación en árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade: 10 unidades.*

c) *Achega certificado de calidade ISO 9001 e certificado de calidade ambiental 14001.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** En data 28 de xuño de 2019 o concelleiro delegado de Comercio aprobou o proxecto decorativo para a iluminación decorativa de Nadal en Vigo durante a campaña 2019-2020 presentada por Iluminaciones Ximenez, S.A.

**Cuarto.-** En data 17 de outubro 2019 o xefe do Servizo de Comercio e o xefe da área de Servizos Xerais informan que conforme ao previsto na cláusula 15.c.4 das FEC informan da necesidade de reforzar de iluminación decorativa do nadal en determinadas zonas da cidade e solicitan ó servizo de contratación que inicie procedemento para a modificación do contrato. Consta así mesmo no expediente un informe da Dirección de Ingresos de 16 de outubro do mesmo ano sobre a diminución de locais comerciais en determinadas zonas da cidade no que se basea o servizo xestor para xustificar algunhas das modificacións propostas.

**Quinto.-** En data 24 de outubro de 2019 a Concelleira delegada de Contratación acordou:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de procedemento aberto da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmorte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Comercio de data 17 de outubro de 2019, que consistirán nun incremento de arcos e motivos luminosos navideños nos termos sinalados no citado informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 208.362 euros, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:*

Ano de aplicación	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	104.181,00	4,21 %
Ano 2020	104.181,00	4,21 %
Total	208.362,00	8,42 %

*Este importe pódese cargar á aplicación orzamentaria 4310 2279900 “Instalación e mantemento da iluminación do Nadal.*



## Concello de Vigo

3º.- *Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

4º.- *Dar audiencia a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.*

**Sexto.-** En data 28 de outubro de 2019 ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., dentro do prazo de trámite de audiencia conferido ó efecto, manifesta a súa conformidade á modificación proposta.

**Sétimo.-** En data 30 de outubro de 2019, o xefe do servizo de Comercio emite un informe complementario sobre a xustificación da presente modificación.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

#### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación

das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para a “inclusión de novas zonas a iluminar non previstas no Anexo I do PPT, ou a necesidade de reforzar a iluminación e/ou decoración de zonas incluídas no presente contrato” se concorren as seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- Humanización da rúa.
- A transformación da rúa en peonil.
- A realización dalgún acto ou evento extraordinario ou non previsto, que se convoque para esas datas.
- Necesidade de fomentar a dinamización comercial da zona para reactivar e impulsar o comercio nelas.

O único aspecto a modificar é o “*incremento de arcos ou motivos luminosos navideños*” (apartado 15.A da FEC), establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola concorrencia de varias das circunstancias previstas: humanización de rúas; realización dalgún acto ou evento extraordinario ou non previsto e necesidade de fomentar a dinamización comercial de determinadas zonas para reactivar e impulsar o comercio nelas.

Reprodúcense a continuación os informes do servizo xestor xustificando a concorrencia destas circunstancias que permiten a modificación, de datas 17 e 30 de outubro do presente ano:

“3.- *Supostos de modificación que concorren:*

*Feito número 1.- Por creación de novas humanizacións contempladas no suposto de modificación 15.c.1 das FEC:*



## Concello de Vigo

- *Teis: nova humanización do barrio das Flores, e desenvolvemento dun novo programa de actividades culturais impulsadas pola Asociación de Comerciantes.*
- *Travesas, nova humanización da Praza de América: Avda. Castelao*
- *Praza España: nova humanización Gran Vía.*

*Feito número 3.- Por novas circunstancias de realización dalgún acto ou evento extraordinario ou non previsto que se convoquen nestas datas, contemplado no suposto de modificación 15.c.3, que conlevan a ampliación da iluminación decorativa de diversos elementos vexetais e zonas verdes dos seguintes contornas da cidade:*

- *Praza de Compostela: instalación dun novo recinto feiral, noria xigante, parque infantil e mercadillo de nadal promovido pola Asociación de Empresarios en Organización de eventos, feiras e mercados da Comunidade de Madrid.*
- *Príncipe: instalación dun mercadillo de nadal na rúa Londres, promovido pola Asociación de Comerciantes. Iluminación asumida en anteriores edicións pola entidade organizadora.*
- *Peonil do Calvario: desenvolvemento dun instalación programa dun mercadillo de nadal e desenvolvemento dun programa de actividades culturais promovido pola Asociación de Comerciantes.*

*Actuacións estas, que no cabe dúbida conlevarán un incremento notable de afluencia de público e en consecuencia unha maior actividade comercial destas contornas.*

*Feito número 4.-*

*Tal e como se desprende dos indicadores económicos, está desacelerándose a economía a nivel internacional, e en particular agravado en España debido a situación sociopolítica do Estado, afectando con esta desaceleración económica ao comercio local. Por iso resulta preciso adoptar medidas de reactivación do mesmo en determinadas zonas, así como impulsalo noutras que carecen de tecido comercial. Así, dados os bos resultados e incidencia da campaña de iluminación navideña do ano pasado, e atendendo ao informe que se achega ao expediente da Dirección de Ingresos sobre baixa ocupación comercial dos locais emprazados nos lugares de actuación (65,64%), cun número de fincas urbanas afectas de 760 e cunha poboación 14.788 habitantes, non cabe menor dúbida sobre a necesidade e conveniencia de atraer infraestrutura comercial nas rúas a ampliar ou reforzo do proxecto inicial, na procura dunha maior eficiencia deste, xerando un maior atractivo que potencie a economía local e crecemento do comercio .*

*Así mesmo, e en relación ca necesidade de fomentar a dinamización comercial das zonas a reactivar, compre facer constar as solicitudes recibidas de comerciantes, tales como a solicitude da A. Veciñal Curva de San Gregorio respaldada polos 28 comerciantes do entorno da rúa Tomás Alonso (doc 180015920), Praza Eliptica, Teis; así como diversas queixas e suxestións da cidadanía (exptes 136806/323, 137429/323, 136233/323, 136397/323, 136038/323, 136221/323, 136920/323, 136964/323, 136186/323, 136167/323; doc. 180150325, 180203599, 180194736, 180015920), e correos electrónicos de datas 05/10/18, 24/10/18, 25/10/18,19/11/18 e 16/10/19, todas elas que se achegan ao presente expediente”.*

“Tal e como se desprende do informe técnico emitido por este Servizo de data 17 de outubro de 2019, con posterioridade á adxudicación do presente contrato foron pechando numerosos locais comerciais desta cidade, cunha incidencia máis singular nas zonas que se pretende ampliar.

Esta cuestión constátase no informe da Dirección de Ingresos de data 16 de outubro de 2019. Así mesmo e en relación coa esta situación de ocupación e conforme os datos de ocupación comercial de diversas zonas da cidade recibíronse diversas peticións de comerciantes solicitando a iluminación de novas zonas e o reforzo das existentes citadas no informe que antecede.

Á vista da notable incidencia nos locais comerciais, de restauración e de hostelería e dos bos resultados de ocupación acadados, recoñecidos publicamente co outorgamento de diversos premios, tales como o do Ministerio de Comercio e Industria, do Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia, da Asociación de Hosteleiros de Vigo e da revista Hgg&T (Hostelería galega gastronomía e turismo), e a ampla repercusión nos medios de comunicación locais e nacionais rexistrada no arquivo deste centro xestor, parece máis que xustifico e conveniente reforzar e incrementar a iluminación decorativa nas rúas citadas no informe que antecede e conseguir o obxectivo final de reactivar o comercio”.

AMPLIACIÓN RÚAS A ILUMINAR 2019							
RÚA	UNIDADES		MOD. Ayto	MOD.segun concurso	PREZO UNITARIO	TOTAL	CIRCUNSTANCIAS DA MODIFICACIÓN
	Motivo	Arco					
Hispanidade, de Gran Vía á Rotonda	12		MOT-02	MOT-11	190,00 €	2.280,00 €	4
Hispanidade, de Rotonda a núm. 66	13		MOT-57	MOT-57	195,00 €	2.535,00 €	4
Hispanidade, de nº 66 a Camelias.	30		MOT-57	MOT-57	195,00 €	5.850,00 €	4
Praza Elíptica	5		MOT-21	MOT-21	190,00 €	950,00 €	4
T. A. Alonso-Curva San Gregorio	12		MOT-57	MOT-57	195,00 €	2.340,00 €	4
Coruxo- Bº As Roteas		3	ARC-02	ARC-02	175,00 €	525,00 €	4
Redondela, 6		1	ARC-02	ARC-30	250,00 €	250,00 €	4
Londres		10	ARC-06	ARC-06	210,00 €	2.100,00 €	4
Zamora, de C.Gondomar-Hispanidade		10	ARC-06	ARC-06	210,00 €	2.100,00 €	4
Zaragoza, de Barcelona-Hispanidade		8	ARC-06	ARC-06	210,00 €	1.680,00 €	4
Celso E. Ferreiro	9		MOT-06	MOT-21	190,00 €	1.710,00 €	4
Ecuador, núm. 7		1	ARC-06	ARC-06	210,00 €	210,00 €	4
Nicaragua, de C. Ferreiro-P. Elíptica	11		MOT-21	MOT-21	190,00 €	2.090,00 €	4
R. de Castro, de S. Avendaño a Miragalla	8		MOT-21	MOT-21	190,00 €	1.520,00 €	4
Barcelona, de S.Amaro-Hispanidade		4	ARC-06	ARC-06	210,00 €	840,00 €	4
Julián Estévez, 32 a S. Badía	5		MOT-11	MOT-57	195,00 €	975,00 €	4
Praza A Miñoa	5		MOT-11	MOT-11	190,00 €	950,00 €	4
T. de Vigo, de Pizarro- M. C. Krukenberg.	8		MOT-21	MOT-57	195,00 €	1.560,00 €	4
Menéndez Pelayo	15		MOT-03	MOT-03	190,00 €	2.850,00 €	4
Dr. Marañón	4		MOT-03	MOT-03	190,00 €	760,00 €	4
Cristo, nº 7- D. Carracido		5	ARC-06	ARC-12	190,00 €	950,00 €	4
Beiramar, 149	5		MOT-11	MOT-11	190,00 €	950,00 €	4
Isabel II		2	ARC-06	ARC-06	210,00 €	420,00 €	4
Avda. Castelao, do 1 ao 15	11		MOT-49	MOT-49	230,00 €	2.530,00 €	4
Bolivia (entre Pizarro e México)		2	ARC-06	ARC-06	210,00 €	420,00 €	4
Rotonda Travesía de Vigo-Aragón	5		MOT-09	MOT-09	230,00 €	1.150,00 €	4
Sagunto (nº12 ao final)		8	ARC-12	ARC-12	190,00 €	1.520,00 €	4
<b>TOTAIS</b>						<b>42.015,00 €</b>	

IVE (21%)	8.823,15 €
-----------	------------

<b>TOTAL AMPLIACIÓN</b>	<b>50.838,15 €</b>
-------------------------	--------------------





## Concello de Vigo

Podemos concluír, á vista dos citados informes que a modificación proposta obedece a novas humanizacións de rúas, eventos novos previstos para a época navideña e a necesidade fomentar ou reactivar o comercio nalgúns zonas por mor da situación económica que motivou o cerre de numerosos locais comerciais, posta de releve no informe da Directora de Ingresos, de data 16 de outubro de 2019 que consta no expediente. Está modificación está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

Tal e como se indica no informe técnico citado a modificación proposta implica un incremento do prezo do contrato de 208.362,00 euros, que equivale a un 8,42 % do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

### -III-

#### Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade

<b>AMPLIACIÓN ELEMENTOS SINGULARES A ILUMINAR 2019</b>					
<b>UBICACIÓN</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>UNIDADES</b>	<b>PREZO UNITARIO</b>	<b>TOTAL</b>	<b>CIRCUNSTANCIAS DA MODIFICACIÓN</b>
Porta do Sol	Bufanda dinoseto	2	250,00 €	500,00 €	3
Rúa Velázquez Moreno	Olivo xardineira	1	150,00 €	150,00 €	3
Gregorio Espino	Olivos	4	150,00 €	600,00 €	4
Praza de España	Árbores saída tunel	8	150,00 €	1.200,00 €	4
Avda. García Barbón	Palmeira	3	315,00 €	945,00 €	3
Rúa Colón	Palmeiras	28	315,00 €	8.820,00 €	3
Praza Compostela	Árbores	58	315,00 €	18.270,00 €	3
Praza de Compostela	Paraugas Fonte	1	1.750,00 €	1.750,00 €	3
Xardíns Eijo Garay	Paraugas	2	1.750,00 €	3.500,00 €	3
Urzáiz (Saída Parking)	Arbustivos	3	150,00 €	450,00 €	3
Teis- Nova Praza Sanjurjo Badía	Paraugas	1	1.750,00 €	1.750,00 €	1
Teis – Mercado	Paraugas	1	1.750,00 €	1.750,00 €	3
Urzaiz cruce Choróns	Paraugas	1	1.750,00 €	1.750,00 €	3
Travesas	Pérgola	1	2.500,00 €	2.500,00 €	1
Praza do Berbés	Olivo	1	150,00 €	150,00 €	4
<b>SUBTOTAL</b>				<b>44.085,00 €</b>	
<b>21% IVE</b>				<b>9.257,85 €</b>	
<b>TOTAL</b>				<b>53.342,85 €</b>	

económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do Xefe do servizo de Comercio, a modificación ascende a 208.362 euros; 104.181,00 euros no exercicio 2019 e 104.181,00 euros no exercicio 2020, que imputaranse á aplicación orzamentaria 4310 2279900 "Instalación e mantemento da iluminación do Nadal"

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que manifesta a súa conformidade, formulase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3:

- Cando se modifique un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, con excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 205, deberá publicarse no «Diario Oficial de la Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme o establecido nesta lei.
- Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

#### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.



**Concello de Vigo**

**-VI-**

**Recursos**

Contra o presente acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes a súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ó disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**-VIII-**

**Acordo**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- Modificar o contrato de redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Comercio de data 17 de outubro de 2019, que consistirán nun incremento de arcos e motivos luminosos navideños nos termos sinalados no citado informe.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación orzamentaria 4310 2279900 "Instalación e mantemento da iluminación do Nadal, e se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:*

<b>Ano de aplicación</b>	<b>Importe</b>	<b>% Adjudicación do prezo do contrato</b>
Ano 2019	104.181,00	4,21 %
Ano 2020	104.181,00	4,21 %
<b>Total</b>	<b>208.362,00</b>	<b>8,42 %</b>

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato..

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **22 (964).- CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO". EXPTE. 2972/330.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/19 e o informe xurídico 29/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 22 de outubro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-pazo de Congresos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva.

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

O periodo establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de decembro de 2018 ao 31 de outubro de 2019, ambos inclusive. O ámbito espacial da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo". As actividades realizadas no meses de novembro e decembro de 2019 incorporaranse á convocatoria anual seguinte, de selo caso.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración



## Concello de Vigo

local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 90% do importe de gastos presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (50 puntos).

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

De forma excepcional, pola complexidade da redacción das bases reguladoras da convocatoria ao ser a primeira vez que se convocan, propónse á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2019” (expte 125/143), aprobadas na citada xunta con data 17 de outubro pasado, para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións . Desta forma, neste caso as xustificacións das subvencións concedidas ao abeiro da presente convocatoria deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite 26 de decembro de 2019. Así mesmo, pola mesma razón, redúcese o prazo de presentación da xustificación das subvencións concedidas a 5 días hábiles.

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-pazo de Congresos “Mar de Vigo” e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA.**

**Primeiro.-** Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-pazo de Congresos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva.

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCEMIL) euros con cargo á partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Que se amplíe o prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2019” (expte 125/143), aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 17 de outubro pasado, para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións, de forma que as xustificacións das subvencións concedidas ao abeiro da presente convocatoria deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite 26 de decembro de 2019.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”**

*En virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS, Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-pazo de Congresos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva seguinte:*

#### **Primeira.- OBXECTO**

*O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e dacordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.*

#### **Segunda.- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS**

*A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.*

#### **Terceira.- PROCEDEMENTO**

*O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **Cuarta.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDES.**

*As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.*

*En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.*

#### **Quinta.- SOLICITANTES**

*Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos da convocatoria.*

#### **Sexta.- LUGAR ONDE OBTEN AS BASES REGULADORAS E FORMULARIOS.**

*Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e **de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.***

#### **Sétima.- ÁMBITO TEMPORAL E ESPACIAL DAS ACTIVIDADES E GASTOS A SUBVENCIONAR:**

*O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de decembro de 2018 ao 31 de outubro de 2019, ambos inclusive.*

*O ámbito espacial da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.*





## Concello de Vigo

**As actividades realizadas no meses de novembro e decembro de 2019 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.**

### **Oitava- CRITERIOS DE VALORACIÓN**

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 90% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta.

#### **Criterio 1: Calidade técnica e interese sociocultural da actividade proposta: 40 pts**

Neste apartado valorarase os seguintes subcriterios:

**1.1 Proxecto, até 15 puntos:** valorarase a coherencia do proxecto presentado respecto aos obxectivos da presente convocatoria, que definan correctamente a programación prevista, a súa finalidade, orixinalidade e singularidade.

**1.2. Destinatarios, até 15 puntos:** valorarase o perfil dos destinatarios da actividade, dando maior relevancia a aquelas actividades dirixidas a todos os públicos, a sectores de público con necesidades especiais e/ou o posible alcance social do proxecto.

**1.3. Avaliación de resultados, até 10 puntos:** valorarase a presentación dunha avaliación de resultados, coa descrición dos recursos propios utilizados, o plan de comunicación e difusión e o seu ámbito de aplicación, o aforo de asistentes.

#### **Criterio 2: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 30 puntos.**

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta según consta no orzamento aportado na memoria económica (anexo IV) e según a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto a orzamento total								
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%	De 51 a 60%	De 61 a 70%	De 71 a 80%	De 81 a 90%
30 puntos	25 puntos	20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos	3 puntos	1 punto

#### **Criterio 3: Traxectoria da entidade solicitante: até 15 puntos.**

Puntuación valorada en bases aos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración reponsábel (anexo II) e según a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade				
De 0 a 3 anos	De 4 a 7 anos	De 8 a 11 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15

3 puntos	7 puntos	10 puntos	12 puntos	15 puntos
----------	----------	-----------	-----------	-----------

**Criterio 4: Volumen de gastos da actividade proposta: até 15 puntos.**

Puntuación valorada en base aos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica aportada (anexo IV) e según a seguinte táboa de puntuación:

Volumen de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
3 puntos	7 puntos	10 puntos	12 puntos	15 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos criterios 2, 3 e 4 son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes.

**BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"**

**Primeira.- OBXECTO E RÉXIMEN XERAL DA CONVOCATORIA**

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réximen de concorrencia competitiva e dacordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

2.- O periodo establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de decembro de 2018 ao 31 de outubro de 2019, ambos inclusive.

3.- O ámbito espacial da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo".



## Concello de Vigo

4.- O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (CINCOCENTOS MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

### **Segunda.- OBXECTIVO XERAL DA CONVOCATORIA**

O obxectivo xeral da presente convocatoria é apoiar e pontenciar a oferta cultural da cidade, así como achegar á súa cidadanía unha diversidade de actividades de carácter sociocultural dirixidas a amplos sectores da poboación, realizadas no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

### **Terceira.- CONVOCATORIA**

Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto polas bases reguladoras correspondentes.

A convocatoria establecerá como mínimo:

- a) Obxecto.
- b) Partida económica e créditos máximos adicados.
- c) Procedemento de concesión.
- d) Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- e) Requisitos dos solicitantes.
- f) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a ésta, información da súa data de publicación no BOPPO.
- g) Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
- h) Ámbito temporal dos actividades e gastos a subvencionar.

### **Cuarta.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES**

1.- Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución da mesma; con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

- \* Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.
- \* Gastos de viaxes, aloxamentos, dietas, produción técnica e escenográfica.
- \* Pagamentos derivados polo cumprimento do RDL 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..
- \* Contratación de servizos técnicos e profesionais.
- \* Aluguer de materiais e/ou equipos técnicos.

*\* Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).*

*\* Gastos derivados do aluguer e utilización do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" pola actividade subvencionada.*

2.- En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
- Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
- Os custos de atencións protocolarias e representativas.
- Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos, as taxas e o iva.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de desfrute público.
- Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións inapropiadas (linguaxe sexista, imaxen da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio ambiente...).
- En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **Quinta.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

1.- A subvención concedida ao abeiro da presente convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.

2.- En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **Sexta.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**



## Concello de Vigo

1.- Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Que teñan a súa sede social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e conxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.

2.- Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

3.- Que a entidade solicitante exerza de promotor/organizador directo da actividade proposta.

4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

5.- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

8.- As condicións para poder acceder ás axudas da presente convocatoria deberán manterse até a liquidación da subvención concedida.

2.- Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

### **Sétima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.- Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

*Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.*

*A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.*

*Un mesmo solicitante poderá solicitar subvención para unha ou varias actividades que cumplan os requisitos establecidos nas presentes bases.*

*2.- Prazo de presentación das solicitudes: nos **10 días hábiles** seguintes a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.*

*3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e servizo da Área de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.*

*4.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 90 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta.*

*5.- Na mesma solicitude, incorporarase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.*

*6.- As entidades interesadas non estarán obrigadas a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.*

#### **Oitava.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE**

*1.- Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:*

- a.- Fotocopia compulsada do CIF da entidade e do NIF do/a seu representante legal.*
- b.- Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.*
- c.- Escritura de constitución e/ou dos Estatutos sociais debidamente inscritos no Rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.*



## Concello de Vigo

d.- *Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.*

e.- *Os interesados non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.*

f.- *Memoria de execución da actividade proposta: obxectivos perseguidos, tipoloxía organizativa, campañas de difusión realizadas, informe de incidencias, número de asistentes, perfís de público, avaliación dos resultados acadados e recursos propios utilizados, e/ou calquera outra información que sexa susceptible de axudar ao Comité Técnico na súa avaliación da actividade.*

g.- *No caso de venda de entradas, copia compulsada da folla de taquilla correspondente.*

h.- *Memoria económica de ingresos e gastos definitivos da actividade proposta, desglosados por conceptos:*

- *Gastos: relación de conceptos e contías adicadas a cada un dos elementos da actividade proposta.*
- *Ingresos: achegas de entidades públicas ou privadas, recursos propios da entidade, venda de entradas, cota de inscricións....*

2.- *Cando o solicitante propoña máis de unha actividade a subvencionar ao abeiro da presente convocatoria, só aportará para a segunda actividade e/ou sucesivas, a documentación correspondente aos apartados f), g) e h).*

3.- *No suposto de que o solicitante aportase anteriormente esta documentación, ou parte da mesma, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPACAP, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foron presentados.*

4.- *De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.*

### **Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.**

*Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente aquelas que contemplan algún dos seguintes supostos :*

a).- *Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*

b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

e).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

f).- Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria (50 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

g).- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

h).- Aquelas nas que a entidade solicitante non teña a súa sede social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo.

i) Aquelas que non presenten unha actividade específica.

l).- Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

m).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

## **Décima.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1.- Comisión de valoración:**

A Comisión de avaliación das solicitudes presentadas ao abeiro da presente convocatoria estará formada polas seguintes persoas:

\* *Presidente: concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá*

\* *Vogais:*

– *Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural*

– *Técnica medio de actividades culturais e educativas do servizo da Área de Cultura*

\* *Secretaria: a secretaria da Administración Municipal, con voz e sen voto.*

### **2.- Criterios de valoración:**

A comisión de valoración citada no punto anterior terá en conta os criterios relacionados na presente base décima.





## Concello de Vigo

A concesión da subvención requirirá a obtención de un mínimo de 50 puntos sobre o máximo dos 100 posibles.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 90% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta.

### **Criterio 1: Calidade técnica e interese sociocultural da actividade proposta: 40 pts**

Neste apartado valorarase os seguintes subcriterios:

1.1 Proxecto, até 15 puntos: valorarase a coherencia do proxecto presentado respecto aos obxectivos da presente convocatoria, que definan correctamente a programación prevista, a súa finalidade, orixinalidade e singularidade.

1.2. Destinatarios, até 15 puntos: valorarase o perfil dos destinatarios da actividade, dando maior relevancia a aquelas actividades dirixidas a todos os públicos, a sectores de público con necesidades especiais e/ou o posible alcance social do proxecto.

1.3. Avaliación de resultados, até 10 puntos: valorarase a presentación dunha avaliación de resultados, coa descrición dos recursos propios utilizados, o plan de comunicación e difusión e o seu ámbito de aplicación, o aforo de asistentes.

### **Criterio 2: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 30 puntos.**

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta según consta no orzamento aportado na memoria económica (anexo IV) e según a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto a orzamento total								
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%	De 51 a 60%	De 61 a 70%	De 71 a 80%	De 81 a 90%
30 puntos	25 puntos	20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos	3 puntos	1 punto

### **Criterio 3: Traxectoria da entidade solicitante: até 15 puntos.**

Puntuación valorada en bases aos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración reponsábel (anexo II) e según a seguinte táboa de puntuación:

<i>Traxectoria e antigüidade da entidade</i>				
<i>De 0 a 3 anos</i>	<i>De 4 a 7 anos</i>	<i>De 8 a 11 anos</i>	<i>De 12 a 15 anos</i>	<i>Máis de 15 anos</i>
<i>3 puntos</i>	<i>7 puntos</i>	<i>10 puntos</i>	<i>12 puntos</i>	<i>15 puntos</i>

**Criterio 4: Volumen de gastos da actividade proposta: até 15 puntos.**

*Puntuación valorada en base aos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica aportada (anexo IV) e según a seguinte táboa de puntuación:*

<i>Volumen de gastos da actividade proposta</i>				
<i>De 1 a 9.000 euros</i>	<i>De 9.001 a 15.000 euros</i>	<i>De 15.001 a 20.000 euros</i>	<i>De 20.001 a 30.000 euros</i>	<i>Máis de 30.000 euros</i>
<i>3 puntos</i>	<i>7 puntos</i>	<i>10 puntos</i>	<i>12 puntos</i>	<i>15 puntos</i>

*Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos criterios 2, 3 e 4 son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes.*

*A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.*

*A comisión encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.*

**Décimo primeira.- INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

*A instrución do procedemento de concesión da presente convocatoria correspóndelle ao Servizo da Área de Cultura, que comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de cinco (5) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva; de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude e arquivarase o expediente, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 e 68 da LPACAP.*

**Décimo segunda.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES**

*1.- Rematada a instrución do procedemento, as solicitudes remitiranse á Comisión de Avaliación que as valorará de forma conxunta en base aos criterios previamente establecidos, en réxime de concurrencia competitiva.*



## Concello de Vigo

2.- *En cumprimento do disposto no art. 21.4 párrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.*

3.- *A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base novena e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base décima.*

#### 4.- Prazo de resolución e notificación:

*O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de corenta e cinco (45) días contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.*

*As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.*

*Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.*

*A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de corenta e cinco días contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ao amparo do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 e 8.1 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.*

5.- *Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.*

6.- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC

**Décimo terceira.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.**

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

e) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

f) Comunicar á Concellería-delegada da Área de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

g) A concesión da subvención á entidade implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

h) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de



## Concello de Vigo

responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

i) Dar cumprimento ao Plan de Autoprotección do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", dacordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

### **Décimo cuarta.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

1.- Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.- Prazo de xustificación: o límite para presentar a documentación xustificativa será de CINCO (5) días hábiles a contar a partir da notificación da resolución da convocatoria.

3.- Documentación a incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento da subvención.
- b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.
- c) Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- d) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- e) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os

especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

f) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

g) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE.

h) Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

#### **Décimo quinta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo da Área de Cultura. O xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural ou persoal técnico designado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **Décimo sexta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **Décimo sétima.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. REXIMEN DE INFRACCIONES E SANCIONES.**



## Concello de Vigo

1.- Revogación: *Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:*

a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.*

b) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

2.- Renuncia: *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.*

3.- Nulidade: *Cando ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas esterase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

4.- Reintegro: *Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*

5.- Infraccións e sancións: *Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición esterase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

### **Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS.**

1.- *A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*

*A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.*

2.- *De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

3.- *Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade.*

*Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos términos regulamentariamente establecidos.*

### **Décimo novena.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN**

O persoal técnico do servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **Vixésima.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

### **Vixésimo primeira.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **Vixésimo segunda.- SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA**

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases, supoñendo a participación na mesma a aceptación íntegra dos seus requisitos.





## Concello de Vigo

*As incidencias non contempladas expresamente na convocatoria serán resaltas polo órgano instrutor con sometemento ao disposto na lexislación aplicable previamente referida.*

### **Vixésimo terceira.- DISPOSICIÓN FINAL.**

*O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas*

## **EXTRACTO PARA SUBVENCIONES PARA FINANCIAMIENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"**

### **TITULO.**

*Extracto do acordo de data XXXXX/XXXXX da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo".*

*De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:*

### **Primeira.- BENEFICIARIOS/AS**

*Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo".*

### **Segunda.- OBXECTO**

*O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réximen de concorrencia competitiva e dacordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.*

### **Terceira.- BASES REGULADORAS**

*As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no servizo de información do*

Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e servizo da Área de Cultura dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

**Cuarta.- CONTÍA**

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 19 puntos 1 e 2 da Lei 9/2007 de xuño de subvencións de Galicia.

**Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO), e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

**Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**23(965).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez